

# Plan de Conservación das Brañas de Sada (A Coruña)



Documento  
Lugo, 06/10/2022

Documento científico-técnico elaborado por:


Pablo Ramil Rego. Doutor en Bioloxía



Hugo López Castro. Enxeñeiro de Montes



Carlos Oreiro Rey. Enxeñeiro Forestal e do Medio Natural




Javier Ferreiro da Costa. Doutor Enxeñeiro de Montes



Carlos Vales Vázquez. Biólogo



Jorge Blanco Ballón. Enxeñeiro Agrónomo



### Plan de Conservación das Brañas de Sada

Os humidais son considerados a nivel internacional como un dos grandes grupos de ecosistemas que maior biodiversidade atesoura, xa que o 40% das especies silvestres do planeta viven ou se reproducen nestes espazos. Tamén son fonte de números servizos ecosistémicos, achegando auga e alimentos, contribuíndo a regular as modificacións das conchas hidrográficas, así como actuando como sumidoiros a longo prazo de carbono e contribuíndo en consecuencia a frear os efectos derivados do Cambio Climático Global. A pesar da importancia dos humidais, o seu número e superficie segue diminuíndo en todo o planeta, calculándose que os últimos 50 anos perdéronse máis do 35% dos humidais. A perda determina que máis do 23% das especies características dos humidais costeiros e mariños atópanse ameazadas de extinción a nivel mundial.

O Espazo Natural de Interese Local “Brañas de Sada”, alberga un singular humidal que atesoura un importante patrimonio natural e cultural, cuxa conservación foi demandada durante anos por distintos colectivos e entidades cidadás, reivindicación que culmina en maio do ano 2017 coa solicitude formal, por parte do goberno municipal de Sada, da declaración desta zona húmida como Espazo Natural de Interese Local e, máis tarde, en febreiro de 2020 coa súa posterior declaración provisional como ENIL por parte da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

Entre os fitos deste longo proceso cabe resaltar que o 21/06/1989, a Comisión Provincial de Urbanismo da Coruña, aprobaba as Normas Subsidiarias Municipais de Plan do Termo Municipal de Sada (B.O.P. da Coruña nº 188 de 17/08/1989). Nestas normas delimitábanse as “Brañas de Sada”, coa unidade “ P-E-3”, asignándolle unha superficie de 23,655 ha. Nas Normas Subsidiarias indicábase ademais a necesidade de redactar e aprobar o correspondente Plan Especial de Protección co obxectivo de protexer os valores naturais e paisaxísticos das Brañas. A redacción do Plan Especial iniciouse en maio de 1992, sendo finalmente aprobado pola Comisión Provincial de Urbanismo na súa sesión do 7/04/1994. O Plan de Protección tiña como finalidade promover o mantemento do humidal fronte á actividade urbanística circundante, sen que todo isto fose un obstáculo para o seu uso social dentro dunhas condicións de respecto do espazo.

É xa en outubro do ano 2015, despois de moitos anos de reivindicacións demandando a posta en valor e protección das Brañas, cando o goberno municipal de Sada decide elevar a pleno o acordo de iniciar a declaración do humidal das Brañas de Sada como un Espazo Natural de Interese Local (ENIL), categoría de Espazo Natural Protexido fixada na lexislación autonómica sobre áreas protexidas (Lei 9/2001, derogada pola Lei 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia). Neste sentido, o Concello de Sada procede a efectuar, o 18/05/2017, a solicitude formal á Xunta de Galicia da declaración das Brañas como ENIL. Asemade, en outubro do mesmo ano, e tras a correspondente tramitación, o goberno municipal conseguía materializar o primeiro PXOM de Sada, e, mediante Orde da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (DOG 11/10/2017), aprobábase de forma definitiva o Plan

Xeral de Ordenación Municipal do termo municipal de Sada, que incluía o Plan Especial de Protección de Infraestruturas e Dotacións "As Brañas de Sada" cunha superficie de 290.044 m<sup>2</sup>. Coa clasificación dada ás Brañas dentro do PXOM municipal, pretendíase, por unha banda, dar resposta á realidade urbanística e á súa problemática, consistente na existencia dun espazo natural singular e de alto valor ecolóxico rodeado dun medio urbano, o cal exerce unha forte presión, constituíndo unha ameaza de cara ao mantemento dos valores naturais, e, pola outra, buscábase acadar un adecuado grao de protección do espazo, ordenado conforme aos valores naturais e ambientais e en relación ao réxime de clasificación do solo rústico que o PXOM lle outorga á práctica totalidade da delimitación proposta.

Finalmente, a tramitación do expediente, incluíndo os procedementos de consulta e participación, culminaron a principios do ano 2020 coa aprobación por parte da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da ORDE do 27 de xaneiro de 2020 pola que se declaran, de maneira provisional, como Espazo Natural de Interese Local as Brañas de Sada, no concello de Sada (DOG 28, 11/02/2020).

O presente Plan de Conservación das Brañas de Sada supón outro paso máis cara a consecución da debida protección dun espazo natural de importancia ecolóxica indubidable. A finalidade principal de dito plan é, e debe ser, a conservación e recuperación deste humidal, evitando o seu deterioro ambiental para, deste xeito, contribuír a lograr un incremento do benestar social a través da oferta dun lugar para a investigación especializada, a educación ambiental e o lecer e, asemade, garantir a permanencia dun entorno natural de calidade para as xeracións futuras.

### TÍTULO I Disposicións de Carácter Xeral

#### CAPÍTULO I Natureza e efectos

##### **Artigo 1. *Ámbito territorial e delimitación.***

1. O ámbito territorial de aplicación do Plan de conservación correspóndese co establecido no Anexo I e coincide coa extensión e os límites cartografados para o ENIL Brañas de Sada, declarado con carácter provisional pola Orde do 27 de xaneiro de 2020 pola que se declaran, de maneira provisional, como espazo natural de interese local as Brañas de Sada, no concello de Sada (DOG 28, 11/02/2020).

Este espazo natural protexido atópase no termo municipal de Sada, provincia da Coruña e conta cunha superficie de 29,9 ha, integrando distintos medios característicos de humidais terrestres que configuran o espazo coñecido como "Brañas de Sada".

2. Localízase na folla "Sada 21-IV: (10-08)" a escala 1:25.000 do Instituto Xeográfico Nacional, na contorna sublitoral da Ría de Betanzos, pertencente ao concello de Sada.

##### **Artigo 2. *Finalidade do plan e principios inspiradores da xestión.***

3

1.- Este plan persegue a ordenación xeral dos recursos naturais do humidal Brañas de Sada e a xestión e preservación dos seus valores, tendo en conta os usos potenciais de carácter social que poidan ser compatibles.

2.- De conformidade co artigo 16 da Lei 42/2007, modificada pola Lei 7/2018, do 20 de xullo, os recursos naturais e os espazos naturais a protexer serán obxecto de planificación coa finalidade de adecuar a xestión aos principios inspiradores sinalados no artigo 2 da lei.

Neste sentido, o programa de actuacións do ENIL considerará, polo menos:

- a) O mantemento dos procesos ecolóxicos esenciais e dos sistemas vitais básicos, apoiando os servizos dos ecosistemas para o benestar humano.
- b) A conservación e a restauración da biodiversidade e da xeodiversidade mediante a conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres e as medidas que se adopten para ese fin terán en conta as esixencias económicas, sociais e culturais, así como as particularidades rexionais e locais.
- c) A utilización ordenada dos recursos para garantir o aproveitamento sostible do patrimonio natural, en particular das especies e dos ecosistemas, a súa conservación, restauración e mellora, e para evitar a perda neta de biodiversidade.

d) A conservación e preservación da variedade, singularidade e beleza dos ecosistemas naturais, da diversidade xeolóxica e da paisaxe.

e) A integración dos requisitos da conservación, uso sostible, mellora e restauración do patrimonio natural e da biodiversidade nas políticas sectoriais e, en particular, na toma de decisións no ámbito político, económico e social, así como participación xusta e equitativa na repartición de beneficios que se deriven da utilización dos recursos xenéticos.

f) A prevalencia da protección ambiental sobre a ordenación territorial e urbanística e os supostos básicos da devandita prevalencia.

g) A precaución nas intervencións que poidan afectar a espazos naturais ou especies silvestres.

h) A garantía da información á cidadanía e concienciación sobre a importancia da biodiversidade, así como a súa participación no deseño e execución das políticas públicas.

i) A prevención dos problemas emerxentes consecuencia do cambio climático, a mitigación e adaptación a este, así como a loita contra os seus efectos adversos.

j) A contribución dos procesos de mellora na sustentabilidade do desenvolvemento asociados a espazos naturais ou seminaturais.

k) A participación das persoas habitantes na contorna do espazo protexido nas actividades coherentes coa conservación do patrimonio natural e da biodiversidade que se desenvolvan nos devanditos espazos e nos beneficios que se deriven delas.

l) O mantemento e a adaptación das poboacións de tódalas especies de aves que viven normalmente en estado salvaxe nun nivel que corresponda en particular ás esixencias ecolóxicas, científicas e culturais, tendo en conta as esixencias económicas e recreativas.

3.- Así mesmo, o Plan de conservación establece o réxime de usos e actividades permisibles, así como as limitacións que se consideren necesarias para a conservación do espazo natural protexido.

4.- Na xestión do ENIL darase cumprimento á normativa de igualdade de xénero, Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, e coidarase a utilización dunha linguaxe inclusiva, non sexista.

### Artigo 3. Efectos.

1.- En aplicación da lexislación vixente no momento da declaración, ao ámbito do ENIL correspóndelle o réxime de solo rústico de protección de espazos naturais (SRPEN) así como os usos admisibles asociados a este.

2.- A revisión do PXOM en vigor e calquera outro posterior deberá velar para que se garantan os obxectivos específicos e xenéricos polos que se declarou o ENIL

3.- O plan de conservación integra, coas limitacións que resultan necesarias para a preservación do espazo, o réxime de usos e actividades permisibles no ámbito.

4.- De conformidade coa orde de declaración e cos informes sectoriais sobre o plan, emitidos polo Servizo de Patrimonio Natural da Coruña, polo Instituto de Estudos do Territorio, pola Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, pola Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica e polo Ministerio para a Transición Ecolóxica, que incorpora o informe da Dirección Xeral de Sustentabilidade da Costa e do Mar:

a) A aprobación do Plan de conservación do ENIL Brañas de Sada non implicará a asignación de recursos económicos da Xunta de Galicia para a súa xestión e conservación.

b) A superficie do ENIL non forma parte do Dominio Público Marítimo-Terrestre (DPMT), nin se atopa afectado polas servidumes de tránsito e protección, estando con todo parcialmente incluído na designada como zona de influencia (500 m desde o DPMT).

c) Respecto ao Plan de ordenación do litoral de Galicia, os usos e actividades permitidas serán as acordadas coas establecidas para os corredores nos artigos 38, 40 e 57 do Decreto 20/2011 (DOG 37, 23/02/2011).

d) Aínda que non existe unha clara delimitación do Dominio Público Hidráulico, os leitos de curso temporal ou permanente forman parte do mesmo, así como os leitos dos medios lacunares, quedan suxeitos á normativa xeral de augas e ao Plan Hidrolóxico da Demarcación de Galicia – Costa (Real Decreto 11/2016, BOE 19, 22/01/2016). Por outra banda, no Plan hidrolóxico Galicia – Costa atópase a case totalidade da superficie do ENIL (véxase cartografía do Anexo I) como área de risco Potencial Significativo de Inundación costeira, estando suxeita en consecuencia, ás determinacións establecidas para as mesmas e en concreto aos artigos 9 e 14 do Regulamento de dominio público hidráulico

e) O humidal englobase dentro dunha Área de Risco Potencial Significativo de Inundación (ARPSIs) costeira, identificada co código ES014- CO-12-02-02- C, no Plan da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa (Real Decreto 19/2016. BOE 19, 22/01/2016).

f) O ENIL atópase dentro da área de distribución potencial de presenza da especie *Emberiza schoeniclus L. subsp. lusitánica*, tal e como se recolle no DECRETO 75/2013, do 10 de maio, polo que se aproba o Plan de recuperación da subespecie lusitánica da escribenta das canaveiras (*Emberiza schoeniclus L. subsp. lusitánica Steinbacher*) en Galicia, estando suxeito en consecuencia, ás determinacións establecidas polo devandito DECRETO.

### Artigo 4. *Prevalencia do plan.*

Conforme coa normativa estatal (Lei 42/2007, do 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade) e autonómica (Lei 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia), as previsións dos instrumentos de xestión dos espazos naturais protexidos, serán vinculantes tanto para as administracións públicas como para as persoas particulares, prevalecerán sobre a planificación urbanística e a súa aprobación levará aparellada a revisión dos plans territoriais e sectoriais incompatibles.

## CAPÍTULO II Ámbito e valores naturais do espazo

### Artigo 5. *Identificación dos valores naturais a conservar.*

6

#### 1.- Delimitación do ámbito de protección.

O ENIL Brañas de Sada sitúase no sublitoral da Ría de Betanzos dentro do termo municipal de Sada, parroquia de Santa María de Sada, provincia da Coruña. O humidal atópase separado do medio litoral polo núcleo urbano. Acorde coa ORDE do 27 de xaneiro de 2020 pola que se declaran, de maneira provisional, como espazo natural de interese local as Brañas de Sada, no concello de Sada (DOG 28, 11/02/2020), os límites do ENIL das Brañas de Sada son: Norte: linda co antigo campo de fútbol da Chaburra e parcelas co número 95022 (parcela 221), 96026 (parcelas 240, 241, 242, 243), parte da 98022 (parcelas 257, 258, 259, 260) e mouteira 1 do polígono 20, parte da 01023 e parcelas máis ao sur 03021. Sur: linda co camiño das Lixelas, cuarteirón 01975, terreo onde se sitúa a piscina municipal, zona traseira do pavillón polideportivo municipal e do campo de fútbol das Mariñas. Leste: linda coas parcelas número 05021 e 04991 e co treito aberto do río que separa ambas as parcelas. Oeste: linda co camiño das Lixelas, estrada CP-5813, norte das parcelas 94005 e 95009 ata o río, parcelas ao norte de 96093 e parcelas 109 e 106 do polígono 20. O ENIL representa unha superficie de 29,9 ha.

#### 2.- Correlación con distintas figuras de ordenación territorial e ambiental.

O espazo así delimitado correspóndese en gran medida co "Humidal das Brañas de Sada", identificado no Inventario dos Humidais de Galicia (Código 1110036). O ámbito do ENIL intégrase completamente dentro da Reserva de Biosfera de Mariñas Coruñesas e Terras de Mandeo, dentro da súa Zona Tampón (Resolución do 20 de novembro de 2013, de Parques



Nacionais. BOE 312/30/12/2013). O humidal aparece igualmente delimitado como área de corredor ecolóxico no Plan de ordenación do litoral (Decreto 20/2011. DOG 37, 23/02/2011).

De acordo coa Lei de Costas e a delimitación establecida do Dominio Público Marítimo-Terrestre (DPMT), o ámbito territorial do ENIL atópase fóra do DPMT e das servidumes de tránsito e protección, estando con todo parcialmente incluído na designada como zona de influencia (500 m desde o DPMT). Fóra do límite do ENIL das Brañas de Sada e dentro do espazo urbano de Sada discorren os antigos leitos que conducen as augas procedentes do humidal e do río Maior, cara ao mar, leitos que foron transformados en canles con tramos abertos, con fluxo a superficie libre, e tramos con fluxo confinado, emprazado no subsolo de distintos elementos construtivos.

Os leitos fluviais e os leitos dos medios lacunares están suxeitos ás determinacións establecidas na normativa sobre augas, así como especificamente no Plan Hidrolóxico da Demarcación de Galicia – Costa (Real Decreto 11/2016, BOE 19, 22/01/2016). Como desenvolvemento do Plan elaborouse e aprobouse o Plan de Xestión do Risco de Inundación da Demarcación Hidrográfica Galicia - Costa (Real Decreto 19/2016. BOE 19, 22/01/2016), onde se engloba o ámbito do ENIL nunha Área de Risco Potencial Significativo de Inundación Costeira (ARPSIs), identificada co código ES014-CO-12-02-02-C. O Plan non propón ningunha medida específica no momento de considerar esta área.

### 3.- Encadre bioxeográfico e paisaxístico.

O ámbito do ENIL localízase dentro da Gran Área Paisaxística “Golfo Ártabro”, Comarca “Golfo Ártabro Litoral”, sector: Ría de Ares e Betanzos (Decreto 119/2016. 160, 25/08/2016), non formando parte de ningunha Área de Especial Interese Paisaxístico (AEIP).

7

Desde un punto de vista bioxeográfico e seguindo as clasificacións máis empregadas a nivel científico o ENIL forma parte da Rexión Bioxeográfica Atlántica ou Eurosiberiana, Subrexión Atlántica-Europea, Sector Galaico-Portugués, Subsector Fisterrán.

### 4.- Biodiversidade: Hábitats e especies.

Tomando como base a información ambiental recollida en distintos documentos, así como os datos achegados por entidades públicas e asociacións de carácter ambiental e cultural, os valores máis destacados no espazo son de tipo ecolóxico, referidos á existencia dun humidal que conserva diferentes tipos de hábitats (lagoas, bosques húmidos, herbais húmidos, arrosios e canles, etc.) que sustentan unha rica e variada diversidade de especies de flora e fauna. No que se refire aos valores etnográficos, atopamos os restos das antigas “Telleiras” que explotaron os sedimentos arxilosos, creando á súa vez o intricado sistema de lagoas e canles que reconfigurou a hidroloxía e a biodiversidade do humidal.

As Brañas de Sada teñen a súa orixe nun antigo humidal establecido na trasduna da Baía de Sada, espazo que desde finais do século XIX e especialmente ao longo do século XX sufriu importantes transformacións. A existencia do humidal atópase favorecida pola presenza de sedimentos arxilosos de orixe cenozoica, que foron explotados en distintas ocasións en pequenos talleres para a elaboración de produtos cerámicos, especialmente de tellas e ladrillos, chegando a establecerse ata 9 pequenas explotacións na área, con distintas capacidades de

produción. A finais do século XX ditas explotacións ou "Telleiras" atópanse completamente abandonadas e o medio evoluciona con escasas perturbacións de orixe antrópico.

O desenvolvemento destas explotacións deu orixe á formación dunha serie de pozos ou cráteres de dimensións variables onde se obtiña o barro para a fabricación posterior de tellas e ladrillos. As características sedimentolóxicas determinaban que as explotacións utilizasen os materiais máis superficiais (sedimentos limo-arxiloso de cor marrón), evitando o uso dos sedimentos máis profundos (margas verdes ou gris-verdosas), o que determinaba que a profundidade dos pozos fose de 3-4 metros, aínda que nalgúns casos chegouse a profundar a máis de 10 metros. A apertura dos pozos modificou os niveis piezométricos previos do humidal. A estas modificacións habería que unir a apertura de canles e a modificación dos cursos naturais a fin de evitar a entrada de auga nas zonas de explotación, acumulando a auga ou mesmo os estériles nos pozos que ían quedando en desuso.

O humidal albergou ademais distintas instalacións vinculadas cos labores extractivos e a produción cerámica (fornos, alpendres, secadoiros de tellas, etc.) así como pistas e canles. As primeiras construcións realizáronse con muros de cachoterías e cubricións de tella cerámica, para posteriormente empregar ladrillos cerámicos.

Na fotografía aérea do voo americano (1956-1957) reconécese polo menos 5 vasos lacunares que suman unha superficie de máis de 6.600 m<sup>2</sup>. Ademais das áreas de escavación acondiciónanse distintos terreos para a construción das instalacións vinculadas cos labores extractivos. Pola contra, non se identifican a existencia de vivendas ou construcións vinculadas coa existencia de explotacións agropecuarias. Nesta época as biocenoses do humidal aparecen representadas maioritariamente por prados húmidos e xunqueiras, as formacións arbóreas e arbustivas adquiren unha representación secundaria na área.

A memoria técnica que acompaña ao Plan de Protección das Brañas de Sada (c1992) achega unha importante información sobre a situación do humidal nun momento no que as explotacións extractivas atópanse totalmente abandonadas. Os autores indican que a maior parte do terreo das Brañas aparecen cubertas por formacións de xunqueiras e prados de escaso porte que permanecen asolagados durante a maior parte do ano. Estas formacións herbáceas rodean os vasos lacunares, que mostran no seu reborde a presenza de cinturas de formacións arborizadas. As áreas cultivadas son escasas, e distribuídas na periferia do espazo, en áreas onde a topografía reduce os niveis de hidromorfía.

Na cartografía que acompaña ao referido Plan identifícanse 18 vasos lacunares que resultan da dinámica dos antigos pozos ou cráteres de explotación, algúns dos cales resultan da fusión de distintos pozos, así como da fusión cos leitos fluviais. Na maioría dos casos os pozos atópanse interconectados entre si por pequenas canles artificiais creados para favorecer o desenvolvemento dos labores extractivos, así como os cursos de pequenos arrosos (Rego do Rivoao, Rego da Fontoira, Rego da Seixeda, Rego do Carril) que fortemente modificados discorren polo humidal, para xurdir deste un único curso que discorre a través da área urbana de Sada, onde se une co Rego Maior, para finalmente desembocar na praia.

As áreas de explotación de arxila e as Telleiras atópanse neste momento rodeadas de formacións herbáceas (prados de sega, prados húmidos, xunqueiras, etc). As matogueiras están

confinados ás zonas chairas máis elevadas, onde se constata a presenza de queirogais húmidos (*Erica ciliaris*, *Ulex gallii*). Hai bosques nativos húmidos, así como pequenos rodais de especies arbóreas derivadas directa ou indirectamente de plantacións (*Eucalyptus globulus*, *Pinus pinaster*, *Populus* spp.). O humidal inclúe tamén áreas perturbadas pola acción humana onde se acumulan terras, sedimentos restos de obras, e diversos tipos de residuos domésticos. Estas verteduras afectan igualmente os vasos máis próximos ás zonas urbanas que rodean o humidal.

No Inventario dos Humidais de Galicia as “Brañas de Sada” aparecen individualizadas como un humidal, delimitándose tecnicamente unha superficie de 31,9 ha e un perímetro de 3426,654 m. A maior parte da área do humidal sitúase a 6 m sobre o nivel do mar, altitude referida ao datum altimétrico nacional.

Na cartografía elaborada no 2007 polo IBADER individualízanse 10 vasos lacunares principais, aos que se asignan outros 8 secundarios, froito dos procesos de fusión entre os vasos e os leitos fluviais. A superficie lacunar alcanza os 32.800 m<sup>2</sup>. A maior parte da superficie do humidal atópase agora recuberta por formacións de bosques aluviais. En estudos posteriores realizados por esta mesma entidade leváronse a cabo distintas análises da vexetación e as características físico-químicas e biolóxicas dos medios lacunares. Os investigadores do IBADER obtiveron unha profundidade máxima de 10 metros na columna de auga dun dos cráteres, mentres que nun segundo cráter alcanzáronse os 4 metros. A configuración no número de vasos lacunares mantense con pequenos cambios no Mapa Base Vectorial da Xunta de Galicia (2016), onde se poden recoñecer entre 10-11 medios lacunares principais. A superficie lacunar supera os 30.000 m<sup>2</sup>.

A alimentación hídrica do humidal e especialmente dos vasos lacunares é de carácter mixta (pluvial, fluvial, escorredura, subterránea), fortemente condicionada polas precipitacións, que inciden tanto na auga captada directamente polas cubetas, como indirectamente na que reciben por escorrentía e a través dos pequenos leitos que discorren polo humidal. As perdas de auga prodúcense cara aos leitos e a través destes cara ao mar, así como por infiltración e evapotranspiración. A dinámica mareal pode tamén afectar á hidroloxía do humidal interceptando o fluxo de auga que se evacúa cara ao mar en períodos de marea alta e fortes tempestades.

No período estival a lámina de auga libre queda reducida aos vasos lacunares, así como aos pequenos cursos de auga que recorren o humidal, reducíndose a conexión entre os distintos medios. As áreas situadas entre os cráteres e os leitos tenden a perder progresivamente a súa humidade, aínda que sen chegar a secar os niveis superficiais do solo, nos que se rexistra unha significativa hidromorfía que é aproveitada polas plantas higrófilas, tanto leñosas como herbáceas. A recarga do humidal iníciase a comezos do outono coa progresión das frentes ciclónicas desde o Atlántico. A recarga máxima alcánzase, como noutros humidais litorais galegos, a finais do outono e adoita manterse ata a primavera. Neste período a lámina de auga libre alcanza unha maior extensión, recubriendo os distintos cráteres, os leitos e as zonas de topografía máis deprimida, mantendo á vez un elevada hidromorfía nas áreas non asolagadas periféricas. O descenso posterior do nivel da auga, o aumento de temperatura e do número de horas de luz, actúan como detonantes para o desenvolvemento das biocenoses acuáticas e higrófilas cuxo crecemento continuará ata finais do período estival.

As características físico-químicas e biolóxicas das biocenoses acuáticas mostran en consecuencia importantes cambios ao longo do ciclo estacional. En xeral pódense tipificar como medios acuáticos de auga doce (<0,5 g/l Cl<sup>-</sup>), as augas dos arrosios que alimentan o humidal pousen pH próximo á neutralidade (pH 7,42), unha elevada concentración de osíxeno (97,1% e 9,16 mg/l), e unha condutividade eléctrica de 273,2  $\mu$ S/cm. As lagoas superficiais mostran en superficie valores de osixenación adecuados (>80,0%), descendendo en profundidade, de modo que a 2 metros os valores móstranse xa moi reducidos (<10,0%), situación que se ve agravada nas lagoas máis profundas onde a partir desta profundidade os valores de osíxeno móstranse limitantes para moitas especies acuáticas. O pH en superficie, debido á actividade biolóxica, é de 8,5, descendendo na valores próximos á neutralidade (pH 7-7,5) nos niveis subsuperficiais.

Na lagoa máis profunda rexístrase unha estratificación dos principais parámetros limnolóxicos, os valores de osíxeno en superficie son escasos (24,60% e 2,33 mg/l), descendendo no primeiro metro ata os 4,20% (0,40 mg/l), para manterse en torno ao 2,5% (0,25 mg/l) nas augas máis profundas (1-3,5 m). A situación móstrase moi similar en relación coa temperatura cun gradiente térmico de 2,75 °C entre o primeiro (17,45 °C) e segundo (14,70 °C) metro de profundidade, para manterse se apenas variación por baixo deste (14,0 °C). Mentres que nas capas superiores a condutividade eléctrica sitúase en 300  $\mu$ S/cm e incrementase nas profundas ata alcanzar os 713  $\mu$ S/cm, para logo descender e estabilizarse ao redor de 600  $\mu$ S/cm. O pH rexistra igualmente valores moi altos en superficie (pH 12-14), para reducirse a 1 m de profundidade a pH 10 e a 2 m a pH 5, mantendo este valor ao longo da columna máis profunda.

En ambos os casos a produción de biomasa das plantas acuáticas nos medios xera unha acumulación de materia orgánica no fondo das lagoas. O consumo de osíxeno durante os procesos de descomposición desta materia orgánica é outro factor que explica o descenso nos niveis de osixenación das augas das lagoas. Os valores de DBO<sub>5</sub>, indicativos da cantidade de materia orgánica oxidable na auga son elevados en todos os medios lacunares, con valores entre 9 mg/l (leitos) e 12 mg/l (lagoas), rexistrándose así mesmo unha entrada de materia orgánica desde o curso fluvial cara aos vasos lacunares.

En canto aos nutrientes, os valores rexistrados mostran unha maior concentración nos arrosios que nas lagoas, esta diferenza afecta sobre todo ao N e ao P, o que se interpreta como un efecto da actividade antrópica que repercute sobre a calidade das augas superficiais da conca. Os valores rexistrados de nutrientes tanto nos vasos lacunares, como nos leitos, inclúense dentro dos parámetros habituais noutros medios da área litoral galega.

A vexetación flotante aparece conformada por tapices de *Lemna minor* que chegan a recibir a case totalidade da lámina de auga. Xunto a *Lemna minor* rexístrase a presenza de *Utricularia australis*, así como distintas especies exóticas de acuáticas flotantes (*Azolla filiculoides*, *Lemna minuta*, *Spirodela polyrhiza*). As comunidades flotantes de *Lemna minor* e *Utricularia australis* son características de medios oligotróficos-mesotróficos. Por baixo da superficie a columna de auga alberga unha densa comunidade de *Ceratophyllum demersum* que vive suspendida entre o fondo e a superficie da columna de auga, emerxendo unicamente por encima de este no momento da floración. A presenza desta gran colonia de *Ceratophyllum demersum* inflúe na configuración das condicións físico-químicas e ecolóxicas destes medios. As formacións de *Ceratophyllum demersum* son propias de hábitats mesotróficos-eutróficos, escasas en medios de augas oligotróficas.

A vexetación litoral e anfibia enraizada está fortemente condicionada pola forma dos cráteres construídos con pendentes verticais, cuxa topografía se mantén salvo en áreas que recibiron recheos ou se derrubaron tras o abandono da actividade extractiva. Entre a vexetación litoral o nenúfar branco (*Nymphaea alba*) tende a colonizar as beiras de maior profundidade, establecéndose ata os 2-3 metros de profundidade, sendo considerados como indicados de ámbitos de "lagos eutróficos". A menor profundidade distribúense outros macrófitos litorais como *Potamogeton polygonifolius*, *Callitriche stagnalis*, *Glyceria fluitans* e *Ranunculus flammula*. En augas máis superficiais atópanse *Ludwigia palustris*, *Scirpus fluitans*. A vexetación anfibia inclúe desde macrófitos de pequeno tamaño (*Hypericum elodes*, *Juncus bulbosus*,) a grandes macrófitos representados por formacións de antela (*Scirpus lacustris*), tifais (*Typha latifolia*) e espadanais (*Iris pseudoacurus*). En biótopos afectados por períodos de inundación menos prolongados desenvólvense comunidades de megaforbios higrófilos con presenza de *Epilobium parviflorum*, *Eupatorium cannabinum*, *Galium palustre*, *Juncus acutiflorus*, *Juncus effusus*, *Lycopus europaeus*, *Lythrum salicaria*, *Rumex obtusifolius*, *Scrophularia auriculata*, etc, así como distintas trepadoras (*Calystegia sepium*, *Solanum dulcamara*). Os leitos dos arroyos e canles comparten algúns dos macrófitos presentes nos medios lagunares (*Callitriche stagnalis*, *Glyceria fluitans*, *Ranunculus flammula*, *Scirpus fluitans*).

O bosque aluvial nas Brañas de Sada establécese tanto nos bordos dos leitos e cráteres lacunares, como nos terreos hidromorfos que os rodean. O dosel arbóreo está dominado por salgueiros (*Salix atrocinerea*), amieiros (*Alnus glutinosa*) e freixos (*Fraxinus excelsior*). En menor proporción atópanse bidueiros (*Betula alba*), mentres que nas áreas de menor hidromorfía incorpóranse outras especies como carballos (*Quercus robur*), loureiros (*Laurus nobilis*), sabugueiros (*Sambucus nigra*). O bosque inclúe distintas especies trepadoras e lianas (*Hedera hibernica*, *Lonicera peryclimenum*, *Tamus communis*, *Calystegia sepium*, *Solanum dulcamara*, *Rubus* spp.). No estrato herbáceo destaca a abundancia de fentos, con presenza de *Woodwardia radicans*, sendo con todo máis numerosos outros fentos como *Athyrium filix-femina*, *Dryopteris dilatata*, *Dryopteris filix-mais*, *Equisetum palustre*, *Osmunda regalis*, *Phyllitis scolopendrium*, *Polystichum setiferum*, *Pteridium aquilinum*, etc.

A información sobre as especies de fauna derívase de distintos traballos promovidos pola Sociedade Galega de Historia Natural. Entre os invertebrados acuáticos indícase a presenza de *Haemopsis sanguisuga*, *Ditychus marginalis* así como de distintas libelulas; *Calopteryx virgo*, *Pyrhosoma nymphula*, *Plactynemis pennipes*.

## Brañas de Sada

Taxa	DH	DA	LESRPE	CEEA	CGEA
<i>Accipiter gentilis</i>	--	I	PE	--	--
<i>Accipiter nissus</i>	--	I	PE	--	--
<i>Alcedo atthis</i>	--	I	PE	--	--
<i>Anas clypeata</i>	--	II, III	--	--	--
<i>Anas crecca (nidificante)</i>	--	II, III	--	--	En
<i>Anas platyrhynchos</i>	--	II, III	--	--	--
<i>Anguis fragilis</i>	--	--	PE	--	Vu
<i>Emberiza schoeniclus lusitanica</i>	--	--	PE	En	En
<i>Falco peregrinus</i>	--	I	PE	--	--
<i>Falco subbuteo</i>	--	--	PE	--	--
<i>Gallinula chloropus</i>	--	II	--	--	--
<i>Lacerta schreiberi</i>	II, IV	--	PE	--	--
<i>Lissotriton boscai (Triturus boscai)</i>	--	--	PE	--	Vu
<i>Lutra lutra</i>	II, IV	--	PE	--	--
<i>Milvus migrans</i>	--	I	PE	--	--
<i>Myotis daubentoni</i>	--	--	PE	--	En
<i>Natrix natrix</i>	IV	--	PE	--	Vu
<i>Pernis apivorus</i>	--	I	PE	--	--
<i>Pipistrellus pipistrellus</i>	--	--	PE	--	--
<i>Rana iberica</i>	IV	--	PE	--	Vu
<i>Rhinolophus hipposideros</i>	II	--	PE	--	II
<i>Triturus marmoratus</i>	IV	--	PE	--	--
<i>Woodwardia radicans</i>	II	--	--	--	Vu

Directiva Hábitat [DH], anexos (II, IV). Directiva Aves [DA], anexos (I, III). Listado de Especies Silvestres en Réxime de Protección Especial [LESRPE] (PE). Catálogo Español de Especies Ameazadas [CEEA]. Catálogo Galego de Especies Ameazadas [CGEA]. Anexo I, II, IV (I, II, IV). En perigo de extinción (En). Vulnerable (Vu).

En canto aos hérpetos, identificáronse 7 especies de anfibios (*Bufo bufo*, *Discoglossus pictus*, *Pelophylax perezi*, *Rana ibérica*, *Salamandra salamandra*, *Triturus boscai*, *Triturus marmoratus*), sendo as máis abundantes *Pelophylax perezi*, *Ra ibérica*. Mentres que o número de réptiles redúcese a 5 (*Lacerta schreiberi*, *Podarcis bocagei*, *Anguis fragilis*, *Natrix natrix*, *Vipera seoanei*).

As aves constitúen o grupo faunístico máis relevante do humidal. A especie máis abundante é *Anas platyrhynchos* (Lavanco), con poboacións que se desprazan entre as áreas intermareais da Ría de Sada e o humidal. Xunto ao lavanco real estarían tamén presentes nas Brañas de Sada, outras aves acuáticas; *Alcedo atthis* (Picapeixe), *Anas clypeata* (Pato cullerete), *Gallinula chloropus* (Galiñola), *Anas crecca* (Cerceta). Entre as especies de rapinas que frecuentan As

Brañas, son de especial interese ou *Milvus migrans* (Miñado queimado), *Falco subbuteo* (Falcón pequeno), *Falco peregrinus* (Falcón peregrino) *Accipiter nissus* (Gabián), *Pernis apivorus* (Miñado abelleiro) e o *Accipiter gentilis* (Azor). O número de mamíferos identificados é de 15 (*Apodemus sylvaticus*, *Arvicola sapidus*, *Corcidura russula*, *Erinaceus europaeus*, *Lutra lutra*, *Myotis daubentoni*, *Mus musculus*, *Mustela nivalis*, *Pipistrellus pipistrellus*, *Rattus norvegicus*, *Rhinolophus hipposideros*, *Sorex araneus*, *Sus scrofa*, *Talpa europaea*, *Vulpes vulpes*), entre os que cabería destacar a presenza do mustélido de vida acuática *Lutra lutra*.

As características físico-químicas e biocenóticas dos medios lacunares permiten definir estas como medios mesotróficos con certa tendencia á eutrofización, marcada por determinados parámetros químicos, así como por algunhas biocenoses características. A partir destes criterios débense identificar os distintos medios lacunares co hábitat Nat-2000 3130 Augas estancadas, oligotróficas ou mesotróficas con vexetación de *Littorelletalia uniflorae* ou *Isoeto Nanojuncetea*. Os pequenos arroyos que alimentan o humidal vincularíanse co hábitat Nat-2000 3260 Ríos dos pisos basal a montano con vexetación *Ranunculum fluitantis* e de *Callitricho- Bachatrimon*. Atopándose tamén representación do hábitat Nat-200 3270 Ríos de beiras lamacentas con vexetación de *Chenopodium rubri* p.p. e de *Bidenton* p.p.

As formacións arborizadas nativas dominadas por especies higrófilas (*Alnus glutinosa*, *Salix atrocinerea*, *Fraxinus excelsior*), enmárcanse dentro do hábitat Nat-2000 91E0\* Bosques aluviais de *Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsior* (*Alno-Padion*, *Alnion incanae*, *Salicion albae*), mentres que as formacións de megaforbios forman parte o hábitat Nat-2000 6430 Megaforbios eutrofos higrófilos das orlas das chairas e dos pisos montano e alpino, que forman mosaicos con outros hábitats herbáceos característicos dos hábitats Nat-2000 6410 Prados con molinias sobre substratos calcarios, turbosos ou arxilo- limosos (*Molinion caeruleae*) e dos antigos prados de sega que se estableceron na área Nat-2000 6510 Prados de sega de baixa altitude (*Alopecurus pratensis*, *Sanguisorba officinalis*), hoxe en día en franca regresión.

Os valores máis sobresalientes do espazo están vinculados cos medios e compoñentes bióticos que integran o humidal. Neste atópanse sete tipos de hábitats de interese comunitario (Código Nat-2000 3130, 3260, 3270, 6410, 6430, 6510, 91E0\*), dos cales un, os bosques aluviais, é considerado como prioritario (Código Nat-2000 91E0\*).

#### Artigo 6. Identificación dos recursos obxecto de aproveitamento.

Nas últimas décadas os aproveitamentos dos recursos naturais que se rexistran no ámbito do ENIL quedan limitados a un conxunto de predios rústicos situados na súa periferia do humidal utilizados como prados de segas ou zonas de pastoreo que se integran dentro de pequenas explotacións de carácter familiar.

#### Artigo 7. Identificación dos factores de risco e ameazas.

De forma sucinta identifícanse os principais factores de risco que na actualidade afectan ao humidal, así como as previsións a medio ou longo prazo das posibles ameazas.

### 1.- Medio acuático (leitos lacunares e leitos fluviais).

A localización do humidal dentro dun medio fortemente antropizado supón que se incremente a probabilidade de risco de producirse unha modificación do estado ecolóxico dos medios de auga estancadas e correntes, así como sobre o estado de conservación dos hábitats asociados como resultado de distintas perturbacións antrópicas que poden determinar a entrada ao sistema de nutrientes, biocidas, fitosanitarios, microorganismos patóxenos ou outros contaminantes. As perturbacións antrópicas poden igualmente afectar á dispoñibilidade da auga que achegan os cursos fluviais ou a que provén a través de escurredura ou por augas profundas.

A configuración dos pozos (cráteres) e o paso do tempo, determina que se incremente a inestabilidade das súas paredes, sendo máis frecuente que se produzan derrubes e por conseguinte procesos de reconfiguración dos seus perímetros, así como procesos de sucesión e reordenación das biocenoses. Estes cambios supoñen un risco para o mantemento ecolóxico do humidal, pero limitan e condicionan a posibilidade de establecer actuacións de uso público na proximidade dos medios lacunares.

### 2.- Bosques aluviais e outras fitocenosis non flotantes.

Os bosques aluviais, do mesmo xeito que as distintas fitocenosis herbáceas higrófilas características do humidal (megaforbios húmidos, xunqueiras, espadanaís, tifais, etc.), mostran unha elevada resiliencia fronte ás perturbacións (tormentas, redución ou incremento de achegas hídricas, etc.), mentres que estas sexan de baixa intensidade, de carácter episódico e non supoñan unha alteración significativa do ciclo hidroecolóxico. Asociado coas perturbacións de baixa intensidade xéranse cambios cíclicos ou sucesionais cuxa dinámica pode verse interferida pola irrupción de especies exóticas, desprazando ás autóctonas en determinados biótopos.

### 3.- Especies exóticas invasoras.

As condicións climáticas actuais da área onde se sitúa o humidal das Brañas de Sada, e os escenarios climáticos elaborados a curto e longo prazo, prevén unhas condicións moi favorables para o asentamento e expansión de espécimes meso-termófilos e termófilos de orixe alóctono. O que supón un risco e unha ameaza para a expansión no humidal de especies exóticas invasoras.

O conxunto de especies exóticas existentes na actualidade no humidal, así como nas áreas próximas a este, mostra a presenza de moitos elementos alóctonos que teñen un comportamento invasor, ben en fases incipientes, ben en fase de completa expansión. A maioría destas especies correspóndense a plantas introducidas, en distintas épocas, como especies ornamentais en xardíns privados ou en áreas axardinadas públicas. Dadas as características dos medios que conforman o humidal de As Brañas de Sada, identifícanse tamén especies que probablemente procedan de acuarios ou terrarios, así como de pequenos estanques artificiais.

Esta situación considérase moi preocupante en relación co desenvolvemento que adquire a herba da pampa (*Cortaderia sellonana*), o chopo americano (*Populus x euamericana*), a budleia (*Buddleja davidii*), a herba arame (*Sporobolus indicus*), con numerosos exemplares xa establecidos no humidal. Resulta igualmente preocupante a presenza de elementos exóticos nos



medios lacunares, que mostran un claro comportamento invasor en diferentes humidais de Galicia, como é o caso de *Azolla filiculoides*, *Lemna minuta*. No humidal de As Brañas de Sada, o desenvolvemento de *Lemna minuta* recubre a maior parte da superficie da lámina de auga dos medios lacunares. Tamén resulta preocupante, dado o seu comportamento noutros espazos con características similares, a posibilidade de expansión da avéspera asiática (*Vespa velutina*) da tartaruga de Florida (*Trachemys scripta*) ou a cala (*Zantedeschia aethiopica*).

#### 4.- Verteduras e contaminación difusa.

Ao longo do século XX a área delimitada polo humidal foi obxecto de distintas actuacións vinculadas coa explotación dos niveis arxilosos para a fabricación de tellas e ladrillos. Paralelamente o humidal recibiu todo tipo de entullos, chegando a establecerse un pequeno vertedoiro. Os restos destas actividades percíbense aínda na actualidade e constitúen un risco tanto para asegurar a conservación dos hábitats e as especies, como para o desenvolvemento das actividades de uso público.

#### 5.- Desnaturalización e perda de conectividade ecolóxica.

A acción humana sobre o humidal deixou unha pegada palpable mediante a modificación dos cursos de auga, como na configuración dos distintos medios lacunares. Pero a presión antrópica tamén se manifesta na desnaturalización de determinadas áreas coa introdución de especies exóticas, a creación de recheos, a existencia de aparcamentos non regulados na periferia, a perda de conectividade ecolóxica entre o humidal e o medio mariño, así como a inclusión do humidal nunha matriz rural que progresivamente se vai transformando nun medio urbano intrusivo que progresivamente vai reducindo a superficie de medios naturais.

Todos estes procesos teñen un efecto negativo sobre a viabilidade a medio ou longo prazo sobre os ecosistemas naturais – seminaturais, así como en relación coa provisión de servizos ecosistémicos que estes poidan xerar dentro de modelos de uso racional e sostible dos recursos naturais.

#### 6.- Cambio Climático Global.

O cambio climático global constitúe unha das principais ameazas sobre os ecosistemas das zonas litorais e sublitorais. As proxeccións e modelizacións de escenarios derivados do cambio climático a medio ou longo prazo reflicten un ascenso das temperaturas, alteracións no réxime de perturbacións, incremento dos eventos ciclónicos explosivos e subida do nivel do mar. Todas estas previsións terían un desigual efecto sobre os ecosistemas, hábitats e poboacións de especies silvestres ao actuar sobre o seu funcionamento e provocar cambios estruturais, repercutindo finalmente na propia composición das biocenoses. Xunto a estes, as previsións derivadas do cambio climático global, consideran que os cambios e reconfiguracións dos espazos litorais-sublitorais incrementarían a probabilidade de chegada, establecemento e expansión de especies exóticas.

### CAPÍTULO III Administración e Xestión do ENIL

#### **Artigo 8. Administración e xestión do ENIL.**

1.- O Plan de Conservación é a ferramenta básica que define as liñas de acción para a conservación dos valores do espazo e que garante a súa correcta evolución. Ademais, deberá compatibilizar aqueles usos sociais que non conleven unha afección negativa sobre a preservación dos hábitats, especies e procesos naturais do humidal.

2.- Recae no concello de Sada a xestión e conservación do ENIL das Brañas de Sada. Dentro do concello de Sada, será a concellería con competencia en materia de medio ambiente a encargada de coordinar e dirixir as tarefas de conservación, mantemento e xestión, coa participación doutras concellarías na prestación de servizos no ámbito do ENIL. Desta forma, todas as tarefas ou rutinas de traballo desenvoltas por outros departamentos deben ser comunicadas previamente á súa realización.

3.- O concello de Sada poderá crear unha comisión de traballo municipal específica para a xestión e conservación do espazo ou integrada dentro doutra xa existente. Esta velará periodicamente pola evolución e conservación do espazo tendo, ademais, a capacidade de convidar ao persoal técnico alleo á estrutura municipal para tratar temas relacionados co ENIL.

4.- A policía local e os inspectores e inspectoras municipais adscritos ou que se poidan adscribir ao concello de Sada, ademais doutras administracións competentes, serán os encargados de velar polo respecto aos recursos naturais e o cumprimento das normas ditadas.

#### **Artigo 9. A xestión da propiedade privada no ENIL.**

1.- A xestión dos terreos de propiedade privada incluídos dentro dos límites do ENIL Brañas de Sada, por parte dos seus titulares deberá axustarse ás normas establecidas no Presente plan, ás normas sectoriais sobre espazos naturais protexidos e estará sometida aos actos da Administración xestora do ENIL. O articulado do presente plan recolle as condicións para as normas de carácter xeral en relación cos dereitos de propiedade.

2.- Calquera uso ou aproveitamento considerado compatible no presente Plan que se realice dentro do terreo privado debe de ser promovido ou autorizado pola propiedade ou, no seu caso, polo titular do dereito. No caso de que estes aproveitamentos e usos compatibles estean contemplados nun documento de planificación aprobado enténdense autorizados sendo tan só necesario o acto administrativo de comunicación á Administración xestora. Se unha leira tivese un documento de planificación forestal ou silvopastoril vixente no momento de aprobación deste plan, as actividades compatibles que figuren nel poderán seguir realizándose mentres dure dita vixencia. Unha vez finalizada deberase revisar adaptándoo aos obxectivos, criterios e normas nel establecidos.

3.- A Administración xestora potenciará acordos e fórmulas de colaboración cos titulares de dereitos privados e propietarios de terreos para o cumprimento dos obxectivos do ENIL, así como unha debida presenza institucional destes nas actividades propias da proxección do ENIL ante a sociedade.

## TÍTULO II

### Obxectivos, directrices e normas

## CAPÍTULO I

### Obxectivos do Plan de Conservación

#### **Artigo 10. Obxectivos do Plan.**

A memoria declarativa das Brañas de Sada contemplaba como obxectivo conseguir un equilibrio entre a conservación e mellora da súa contorna cun uso social adecuado, procurando conseguir o mantemento deste refuxio natural fronte á actividade urbanística circundante ao plan, sen que todo isto sexa un obstáculo para o seu uso social dentro dunhas condicións de respecto deste refuxio natural que alberga distintas especies ameazadas (Real Decreto 439/1990, Catálogo de especies ameazadas) e de interese comunitario (Directiva 92/43/CEE), así como restos dun pasado recente industrial, constituindo un Espazo Natural relevante dentro da "Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo".

17

1.- Son obxectivos do Plan de Conservación do ENIL das Brañas de Sada:

- a) Avanzar no proceso de recuperación do humidal das Brañas de Sada.
- b) Establecer unha figura de protección recoñecida a nivel autonómico para garantir unha adecuada xestión e conservación deste espazo no tempo, así como contribuír a fortalecer os obxectivos e fins da Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo.
- c) Contribuír a mellorar biodiversidade, propiciando un estado de conservación favorable dos hábitats de interese comunitario, así como das especies de flora e fauna silvestre, especialmente daquelas protexidas pola normativa da Unión europea, o Estado ou a Comunidade Autónoma de Galicia.
- d) Contribuír a mitigar efectos das especies exóticas no humidal.
- e) Contribuír á protección da paisaxe e dos seus valores.
- f) Fomentar a conectividade con outros espazos de valor ambiental situados no seu entorno, garantindo a funcionalidade dos hábitats presentes, favorecendo a diversidade cunha visión de continuidade, evitando o illamento ou fragmentación.

- g) Asegurar que o uso público do espazo se realice en todo momento dunha forma ordenada, segura e que garanta a conservación, a comprensión e o aprecio de tales valores a través da información, a educación e a interpretación do patrimonio.
- h) Promover, impulsar e colaborar no desenvolvemento de actividades científicas, de monitoraxe e educación ambiental sobre os compoñentes da xeodiversidade, a biodiversidade, o Patrimonio Natural e o Patrimonio Cultural do ámbito do ENIL.
- i) Fomentar a importancia dos humidais en relación coa provisión de distintos servizos ecosistémicos, así como a súa capacidade de regulación do ciclo da auga e a súa implicación na mitigación dos efectos do Cambio Climático Global.
- j) Contribuír a asegurar que todos os cidadáns e cidadás teñen o dereito para gozar dun medio ambiente adecuado, así como o deber de conservalo.

## CAPÍTULO II

### Réxime xeral de usos e regulación do espazo

#### **Artigo 11. Réxime xeral de usos.**

1.- Os recursos naturais dentro do espazo natural serán xestionados considerando os principios inspiradores establecidos no artigo 2. Deste xeito primárase os procesos de conservación non activa, permitindo a dinámica e evolución natural do sistema. Dada a localización do humidal nun contexto urbano, será necesario recorrer en determinadas áreas periféricas en contacto con este, así como nas áreas destinadas ao uso público, a medidas xestión directa, que busquen sempre o mínimo impacto, tendo en conta as necesidades para manter tanto o funcionamento, como a estrutura e a composición dos distintos ecosistemas e hábitats, así como a súa conectividade.

18

#### **Artigo 12. Aproveitamento dos recursos naturais.**

1.- Nos Espazos Naturais de Interese Local (ENIL), as medidas de xestión deben procurar a protección e conservación daqueles usos e aproveitamentos tradicionais que contribúan aos obxectivos de conservación do espazo e que en consecuencia non conleven unha afección significativa sobre o mesmo.

2.- As características de enchoupamento limitaron durante séculos os usos e aproveitamentos do humidal das Brañas de Sada, quedando estes limitados á actividade agrícola, aproveitando os terreos como prados de sega ou como pastos a dente. As explotacións de arxila e os talleres de tellas e ladrillos que se estableceron desde finais do século XIX e durante a maior parte do século XX, modificaron substancialmente o humidal, ao cesar a actividade das Telleiras, o terreo quedou na súa maior parte abandonado, a actividade agropecuaria non se recuperou, mentres que a vexetación arbórea expandíase pola maior parte do espazo.

3.- Na actual configuración do humidal de As Brañas de Sada, os usos tradicionais vincúlanse con pequenas explotacións agropecuarias de carácter familiar que utilizan os terreos menos asolagados, especialmente no bordo occidental e setentrional do humidal. No interior da área designada como ENIL non se atopan vivendas, nin tampouco edificacións, salvo os restos das antigas Telleiras e aquelas vinculadas cos actuais usos agrogandeiros.

4.- A tenza periférica próxima ao humidal (300 m de ancho), acolle ao núcleo urbano e periurbano de Sada, con distintos edificios e vivendas, así como edificios e instalacións dotacionais e infraestruturas. Nesta franxa a explotación dos recursos naturais (agricultura, gandería, forestal) está tamén presente, aínda que cunha superficie de ocupación máis reducida. No resto do espazo que conforma a conca de captación do humidal predominan as coberturas vinculadas con actividades agropecuarias e forestais fronte aos medios artificiais.

5.- Os usos e actividades que se poidan realizar neste espazo deberán rexerse polos principios polos que se declarou o ENIL das Brañas de Sada. Non serán autorizables as actividades que vaian contra a conservación da contorna, afectar de forma significativa aos tipos de hábitats de interese comunitario, ás especies protexidas pola normativa europea, nacional ou autonómica, así como aos seus hábitats característicos.

#### **Artigo 13. Regulación do espazo: zonificación.**

1.- Para facilitar a xestión e conservación do humidal establécese no presente Plan, unha zonificación baseada nun sistema de 3 unidades, na que se regulan os diferentes usos en función dos valores ambientais das zonas, fixando os criterios para a conservación e restauración dos compoñentes ambientais, así como para as actividades de investigación e de uso público que así o requiran.

- a) Zona 1 (Zona de conservación). Inclúe as superficies conformadas por hábitats característicos de humidais (leitos de lagoas e cursos fluvial, bosque aluvial, formacións de espadanaís, tifais, xunqueiras, etc). Esta zona constitúe a área de maior valor e fragilidade do humidal.
- b) Zona 2 (Zona de protección). Constituída polas parcelas e terreos lindantes coas lagoas conformadas por hábitats naturais e seminaturais. Engloba áreas con distinto grao de uso e de evolución na dinámica natural. Nela atópanse pequenas áreas que son obxecto dunha explotación agropecuaria de baixa intensidade.
- c) Zona 3 (Zona de uso público). Engloba áreas ocupadas por distintas construcións e infraestruturas establecidas antes da declaración do espazo (depuradora, transformador, etc) así como terreos que foron obxecto de recheos. Englobase nesta zona tamén as áreas onde se situaban restos de construcións e instalacións das antigas Telleiras, actualmente abandonadas. A zona 3 albergaría as instalacións destinadas ao uso público do espazo natural (vías para as actividades de uso

público, mobiliario, paneis, etc) acorde coas limitacións e criterios fixados no presente Plan.

2.- A delimitación cartográfica das diferentes Zonas contense no Anexo I: Cartografía da zonificación.

3.- A zonificación materializarase sobre o terreo cunha sinalización suficiente que garanta aos usuarios e visitantes o seu coñecemento.

4.- Fóra do ámbito do ENIL, na parcela 0302131 NJ6000 S preténdese establecer un centro de interpretación do espazo natural. O devandito Centro de Interpretación deberá realizarse acorde cos modelos, formas e acabados tradicionais empregados nas construcións de carácter rústico, usando materiais propios da contorna máis inmediata, e reducindo ao mínimo as afeccións paisaxísticas, evitando a competencia entre o elemento artificial e os valores naturais.

### Artigo 14. Modelos de xestión.

1.- A xestión da zona 1 e 2 debe tender cara á mínima intervención humana, favorecendo a dinámica natural do ecosistema. As intervencións que se poidan levar a cabo na mesma tenderán a minimizar os efectos sobre os compoñentes do espazo, especialmente sobre os hábitats e as especies de flora e fauna característicos do humidal.

2.- A xestión da zona 3, debido á súa interacción coa zona urbana de Sada e dado que está destinada a acoller, en parte dela, as actuacións de uso público do espazo, deberán compatibilizar a conservación dos compoñentes naturais, coa seguridade das persoas, dos bens públicos e privados, así como as necesidades vinculadas ás actividades de uso público contempladas no presente Plan. De calquera modo, estas actuacións non poderán causar unha afección significativa sobre a estrutura e o funcionamento ecolóxico do humidal, así como afectar os compoñentes da biodiversidade.

20

### Artigo 15. Tipoloxía de usos.

1.- Usos permitidos: Con carácter xeral, considéranse usos ou actividades permitidas aquelas de carácter tradicional que sexan compatibles coa protección do ENIL e todos aqueles non incluídos nos grupos de actividades prohibidas ou suxeitas a autorización nin contemplados na normativa contida neste plan.

2.- Usos prohibidos: Considéranse usos ou actividades prohibidas:

- a) Os contrarios aos obxectivos de conservación do ENIL que, por conseguinte, conlevar unha afección significativa sobre a integridade humidal ou sobre o estado de conservación da compoñentes clave para a biodiversidade (hábitats de interese comunitario e especies protexidas).

- b) Así mesmo, considéranse dentro desta categoría todas as actuacións consideradas como prohibidas na normativa referente á conservación do patrimonio natural e a biodiversidade do estado (Lei 42/2007, do 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade) e autonómica (Lei 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia).

3.- Usos suxeitos a autorización ou usos autorizables: Correspóndense con aqueles usos que baixo determinadas condicións e tras a obtención das correspondentes autorizacións dos organismos ou administracións competentes, poden ser executados se se comproba que son compatibles cos obxectivos de conservación do espazo e dos compoñentes clave da biodiversidade, ao non conlevar unha deterioración significativa, a curto ou medio prazo, dos seus valores.

Dentro da categoría de usos suxeitos a autorización inclúense tamén os programas, plans e proxectos que, sen ter unha relación directa coa xestión do ENIL ou sen ser necesario para esta, poidan afectar de forma significativa ao espazo, xa sexa individualmente ou en combinación con outros plans, programas e proxectos. A autorización destes programas, plans ou proxectos estará suxeita ás determinacións establecidas na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

### CAPÍTULO III Medidas e normativa xeral

#### Artigo 16.- *Actividades compatibles.*

1.- Neste apartado inclúense as actividades compatibles no ámbito do ENIL, aquelas consideradas como permitidas ou autorizables pola normativa estatal (Lei 42/2007, do 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade.) e autonómica (Lei 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia), así como as propias medidas de xestión contempladas neste plan de conservación.

2.- No territorio delimitado polo ENIL das Brañas de Sada considéranse como actividades compatibles, a condición de que se realicen supeditadas aos obxectivos de conservación do ENIL, asegurando en todo momento a integridade ecolóxica de este, e desenvólvanse de acordo coas especificacións contempladas neste Plan, na normativa ambiental e na normativa sectorial de aplicación:

- a) O uso e mantemento das explotacións agropecuarias existentes no momento da declaración do ENIL.
- b) O uso e mantemento das edificacións e instalacións existentes.
- c) A eliminación de plantas exóticas ou invasoras, así como actividades de restauración do hábitat.

- d) As actividades de uso público.
- e) As actividades científicas, de vixilancia e educación ambiental.
- f) As actividades de carácter cultural.
- g) A adecuación da área ocupada polas antigas instalacións de Telleiras existentes na Zona-3 para acoller as actividades destinadas á xestión e o uso público do espazo.

### 3.- Colaboración con outros espazos e redes de espazos naturais.

- a) Fomentarse a promoción e difusión dos valores e actividades do ENIL das Brañas de Sada no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, así como noutras áreas limítrofes. Así mesmo, procurarase a súa difusión e comunicación aos propios visitantes do espazo.
- b) Dada a inclusión do ENIL e do termo municipal de Sada no ámbito da Reserva de Biosfera das Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo, colaborarase activamente con esta, así como a través dela na Rede Mundial de Reservas da Biosfera, así como noutras redes de áreas protexidas, ou de seguimento dos compoñentes do medio ambiente e da biodiversidade.
- c) Colaborarase con programas e institucións implicadas no seguimento a medio e longo prazo de ecosistemas e dos seus compoñentes, na conservación da biodiversidade, as augas internacionais, ou a mitigación e adaptación fronte ao cambio climático.

### Artigo 17. *Actividades incompatibles.*

O humidal de As Brañas de Sada posúe uns valores naturais que deben ser respectados, de maneira que se manteñan os valores que motivaron a súa designación como ENIL. Polo tanto, para que se poida preservar a labor previa, sostible e respectuosa, nos terreos incluídos no ENIL, consideraranse como actividades incompatibles as seguintes:

1.- O territorio delimitado polo ENIL das Brañas de Sada considérase como área de exclusión á hora de:

- a) Planificar e autorizar novas actividades e aproveitamentos mineiros. Non se permitirán novas actividades extractivas. Estas explotacións producen un impacto paisaxístico crítico, incompatible cos obxectivos de protección do ENIL, dos seus hábitats de interese comunitario e das especies de interese para a conservación e, por outra banda, contan con mínimas posibilidades de restauración a curto ou medio prazo.



- b) Planificar e autorizar instalacións industriais de enerxía eólica, hidroeléctrica ou fotovoltaica.
- c) Planificar e autorizar sondaxes, perforacións e exploracións de recursos para o seu aproveitamento industrial, así como a extracción, captura, inxección ou o almacenamento xeolóxico de fluídos.
- d) Planificar e autorizar actividades industriais, incompatibles cos obxectivos de conservación do ENIL.
- e) Planificar e autorizar novas construcións, salvo as necesarias para garantir a xestión do ENIL e contribuír ao mellor cumprimento dos seus obxectivos, que estarán limitadas á Zona-3.

2. Considéranse igualmente incompatibles no ámbito do ENIL das Brañas de Sada, e por conseguinte prohibidas, as seguintes actividades:

- a) A destrución ou deterioro dos hábitats de interese comunitario e dos hábitats e poboacións das especies protexidas ou catalogadas.
- b) A introdución de especies alóctonas e, especialmente daquelas tipificadas legalmente como especies exóticas invasoras.
- c) A vertedura, almacenamento, depósito, abandono, enterramento ou incineración de lixos, entullos e calquera tipo de residuos, así como de substancias tóxicas e perigosas, así mesmo, o abandono, depósito ou lanzo de papeis, botes, botellas, plásticos, cabichas ou refugallos de calquera tipo fóra dos lugares habilitados ou indicados para o efecto.
- d) A pesca e caza deportiva.
- e) A recolección ou manipulación de calquera tipo de resto de interese cultural, salvo os debidamente autorizados polo organismo autonómico competente en materia de Patrimonio Cultural.
- f) O baño e o uso de embarcacións en actividades de uso público nos arrosios, canles e lagoas.
- g) As competicións deportivas e os deportes de aventura.
- h) A circulación ou tránsito fóra das áreas e vías permitidas.
- i) A acampada ou pernocta.
- j) A utilización de megafonía, así como a instalación de artefactos non autorizados, que poidan causar ruídos ou molestias á fauna ou aos visitantes.

- k) Facer fogueiras ou prender lume.
- l) A construción de novos peches permanentes que obstaculicen o libre tránsito das especies silvestres, salvo aqueles vinculados a motivos de xestión e conservación do ENIL, seguridade cidadá ou graves prexuízos para os habitantes e a das súas explotacións.
- m) Prohibese salvo autorización expresa referidas ás actividades de uso público e información do espazo, calquera modalidade de publicidade exterior, tanto sobre soporte artificial como natural.
- n) A recolección de calquera tipo de espécime xeolóxico ou biolóxico, sen a correspondente autorización, salvo os derivados da práctica das actividades tradicionais consideradas como compatibles.
- o) Establecemento de novos tendidos eléctricos ou de telecomunicación aéreos.
- p) A alteración ou deterioración dos sinais ou elementos interpretativos do ENIL
- q) As manobras militares.
- r) A venda ambulante.
- s) Aquelas actividades consideradas como infraccións na lexislación de augas, de protección da calidade do aire, ruído ou contaminación luminosa.
- t) Aquelas actividades consideradas como infraccións na normativa estatal (Lei 42/2007, do 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade) e autonómica (Lei 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia).
- u) As actividades prohibidas que figuran na normativa do presente Plan de Conservación, así como aquelas actividades non contempladas como autorizables ou permitidas e que poidan ter un efecto significativo sobre os compoñentes da biodiversidade e da xeodiversidade no ENIL.

#### **Artigo 18.- Criterios para a Restauración ecolóxica.**

Poderán realizarse accións de restauración ecolóxica das zonas alteradas ou degradadas dentro do humidal, con actuacións concretas destinadas a recuperar a funcionalidade, estrutura e composición dos seus hábitats e biocenoses características. As accións de restauración ecolóxica que se leven a cabo no humidal, así como as de xestión dos biótopos e biocenoses adaptaranse aos criterios obtidos da mellor e máis actualizada información científica e técnica, así como nos fixados na actual Estratexia estatal de infraestrutura verde e da conectividade e restauración ecolóxicas, así como na que poida desenvolver a Xunta de Galicia.

### **Artigo 19.- Criterios para a adaptación ao cambio global.**

- 1.- Promoveranse os mecanismos de resiliencia nos ecosistemas como forma de adaptación ao cambio global.
- 2.- Optarase polas medidas de xestión que promovan a adaptación ao cambio global e mitigación do cambio climático, e en particular con especial atención á redución da pegada de carbono na xestión do humidal.
- 3.- Prestarase atención especial ás poboacións illadas ou no límite de distribución, e aos hábitats de reducida extensión.
- 4.- Promoverase a conectividade ecolóxica do Humidal coa súa contorna, para facilitar e mellorar o desprazamento das especies seguindo o seu óptimo ecolóxico.

### **Artigo 20.- Excepcións.**

Excepcionalmente, e sempre que se manteña un estado de conservación favorable do ENIL, poderán quedar sen efecto estas prohibicións, previa autorización expresa da Consellería con competencias en materia de conservación do patrimonio natural, sen prexuízo das autorizacións preceptivas establecidas na normativa vixente que poidan resultar de aplicación.

### **Artigo 21.- Réxime de autorizacións e comunicacións de usos.**

Os usos e actividades recollidos como autorizables neste plan exerceranse previa autorización ou comunicación á Administración municipal nos termos establecidos na lexislación vixente. En todo caso, a solicitude ou comunicación deberá acompañarse das preceptivas autorizacións ou concesións outorgadas polas administracións competentes segundo a normativa sectorial de aplicación.

### **Artigo 22.- Réxime de infraccións e sancións.**

- 1.- As accións que alteren as condicións do espazo natural ou dos seus compoñentes terán a consideración de infracción.
2. O réxime de infraccións e sancións aplicables será, con carácter xeral, o establecido no título IV da Lei 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia, sen prexuízo doutras normas vixentes que poidan ser de aplicación ás devanditas infraccións ou ilícitos de calquera clase.

### CAPÍTULO IV Medidas e normativa por compoñentes

**Artigo 23.- Conservación e xestión do patrimonio natural e da biodiversidade.**

#### 1.- Obxectivos.

- a) Conservar e protexer a diversidade biolóxica e os recursos hidroecolóxicos do humidal, das Brañas de Sada, asegurando o mantemento dun estado de conservación favorable ou no seu caso a restauración dos seus hábitats característicos (Códigos Nat-2000: 3130, 3260, 3270, 6410, 6430, 6510, 91E0\*) e das especies de flora e fauna autóctona, especialmente das protexidas, que o conforman.
- b) Favorecer a recuperación das especies en xeral e dos seus hábitats, e en particular, daquelas que figuren como protexidas na normativa da Unión Europea ou estean catalogadas como de interese especial, vulnerable ou en perigo de extinción pola normativa estatal ou galega.
- c) Erradicar ou no seu caso mitigar as poboacións de especies de flora e fauna alóctona, especialmente aquelas que mostran un comportamento invasor ou ben figuran nas listaxes oficiais de especies exóticas invasoras ou son consignadas como tales na bibliografía científica.
- d) Favorecer a conectividade ecolóxica do territorio, preservando os valores e funcionalidade dos ecosistemas e evitando a súa fragmentación.
- e) Favorecer o desenvolvemento e equilibrio dos sistemas naturais, eliminando ou mitigando calquera elemento, especie ou uso que poida interferir na diversidade, en xeral, do espazo.
- f) Protexer a diversidade paisaxística do humidal e promover a súa integración co espazo rústico, urbano e periurbano circundante.
- g) Controlar e limitar os impactos que poidan alterar a paisaxe, ben sexa por usos inadecuados, ruidos ou sons alleos ao espazo, contaminación por luz artificial ou que xeren distorsión do campo visual como postes, mobiliario urbano, sinalización informativa ou divulgativa, publicidade, graffitis, pintadas ou especies vexetais de gran porte que non sexan representativas desta contorna.

#### 2.- Directrices.

- a) Os usos e actividades que se poidan levar a cabo no humidal deben ser acordes coas necesidades de garantir a conservación dos hábitats (Códigos Nat-2000: 3130, 3260, 3270, 6410, 6430, 6510, 91E0\*) que conforman o humidal e das especies de flora e fauna silvestre características. De atoparse incompatibilidades, estableceranse medidas correctoras para aqueles usos que sexan incoherentes coa preservación do medio; estas medidas poden ir desde o desprazamento da actividade ata a súa limitación temporal ou permanente.
- b) O Concello de Sada velará pola conservación e protección do ENIL e dos recursos naturais que este atesoura, dando traslado das incidencias aos organismos competentes por razón da materia.
- c) A concellería de Medio Ambiente poderá analizar calquera mostra procedente do espazo para verificar a súa calidade ambiental conforme á normativa que sexa de aplicación.
- d) Durante os labores de conservación ou mantemento do espazo deben evitarse interferencias sobre a flora e a fauna. Os labores deberán realizarse favorecendo as condicións para a reprodución, expansión, cría, alimento e estancia de forma permanente ou temporal das diferentes especies de fauna propias do humidal.
- e) O control das poboacións de fauna é unha actividade que resulta en determinados casos necesaria para asegurar a conservación dun espazo natural protexido. Este debe levarse a cabo soamente cando existan probas suficientes de que a proliferación dunha especie está a causar danos significativos a outras especies, hábitats, comunidades ou valores recoñecidos, ou pola aparición de epizootias na propia poboación. Ditas actuacións de control atenderán ao establecido na normativa estatal (Lei 42/2007, do 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade) e autonómica (Lei 5/2015, do 22 de agosto, de Patrimonio natural e da Biodiversidade de Galicia).
- f) Velarase polo correcto estado fitosanitario das árbores que configuran o bosque aluvial, podendo realizar as correspondentes avaliacións técnicas en caso de observar a presenza de pragas ou doenzas. Esta terase en conta para tomar as iniciativas necesarias para a súa correcta conservación e xestión.
- g) As árbores danadas ou derrubadas durante os temporais poderán ser substituídas por exemplares autóctonos cando non sexa posible a recuperación natural, usando para eles as especies xa presentes no humidal, e asegurando a non introdución de xenotipos igualmente alleos ao subsector bioxeográfico onde se sitúa o humidal.
- h) A interrelación do humidal coa área urbana de Sada, comporta a necesidade de levar a cabo algunhas accións periódicas de conservación no humidal para asegurar a correcta evacuación da auga do mesmo, ou para a retirada de ramas ou árbores que poidan afectar ás infraestruturas, instalacións, edificacións,

explotacións ou que poidan poñer en perigo ás persoas. Estas accións deben ser realizadas acorde coas normativas e actuacións sectoriais que esixe a vixente normativa, e con medios e solucións que minimicen os efectos negativos sobre o humidal e os seus compoñentes.

- i) As actividades de control da vexetación faranse evitando os períodos críticos relativos á cría ou reprodución das diferentes especies do humidal. Terase en conta tamén o efecto sobre as aves en invernada.
- j) Non se permite a introdución ou liberación de especies alóctonas, na medida en que poidan competir coas nativas e alterar os equilibrios ecolóxicos do humidal. Para as especies máis agresivas (especies exóticas invasoras) levaranse a cabo actuacións específicas de control ou erradicación atendendo ás características destas e minimizando o impacto sobre o medio e o resto de especies. Os materiais obtidos na erradicación ou control de especies invasoras deberán ser destruídos acorde cos criterios fixados na normativa sectorial vixente.
- k) Prestarase especial atención á limpeza de graffitis ou pintadas sobre os compoñentes do humidal e sobre os elementos públicos existentes no mesmo.

### 3.- Regulación das actividades:

#### 3.1.- Considéranse actividades permitidas.

- a) As labores de conservación e xestión dos compoñentes da biodiversidade e do Patrimonio Natural levados a cabo pola administración competente no espazo, así como por outras administracións ou entidades debidamente autorizadas.
- b) No caso de que estas actuacións poidan afectar a especies protexidas pola normativa da Unión Europea, estatal ou autonómica, será necesario contar coa correspondente autorización por parte do organismo autonómico competente en Patrimonio Natural.
- c) O uso público no espazo conforme ás disposicións establecidas no presente Plan e ás indicacións e sinalización que se estableza no propio espazo.
- d) Os labores de mantemento e xestión das zonas de seguridade, servidumes, viais, áreas axardinadas, así como os vinculados cos aproveitamentos agrícolas existentes no momento da declaración do ENIL.

#### 3.2.- Considéranse actividades suxeitas a autorización por parte do concello de Sada:

- a.- A tala, poda ou retirada de árbores danadas ou derrubadas.
- b.- O control ou erradicación de especies exóticas.
- c.- A realización de actividades de fotografía e filmación con fins comerciais que se realicen no ENIL. Este tipo de actividades non serán autorizables se:

- i) Son susceptibles de xerar unha afección significativa negativa sobre os valores e os compoñentes do ENIL.
- ii) Existe un risco probable de que xeren danos ás persoas ou ás propiedades ou ben poden incidir de forma significativamente negativa no funcionamento normal do ENIL, na protección dos recursos ou no uso por parte das persoas visitantes.
- iii) Requiren da utilización de efectos especiais de creación de fume, néboa, neve, lume, efectos acústicos ou luminosos, etc.
- iv) Requiren a utilización e/ou introdución de especies exóticas ou de especies nativas de Galicia que non se atopan presentes no humidal.
- v) Requiren o emprego de público en grupos de máis de 20 persoas.
- vi) Requiren a presenza de vehículos fóra dos viais de uso permitido.

### 3.3.- Considéranse actividades prohibidas:

- a) A destrución ou alteración dos hábitats característicos do humidal, representados por hábitats de interese comunitario (Códigos Nat-2000: 3130, 3260, 3270, 6410, 6430, 6510, 91E0\*), así como polos hábitats característicos das especies protexidas de flora e fauna protexida. Por alteración do hábitat considérase a súa redución significativa, así como a modificación do seu funcionamento ecolóxico, a súa estrutura ou a súa composición biolóxica.
- b) Molestar, danar, capturar ou dar morte aos exemplares de fauna do humidal, especialmente daqueles exemplares de especies protexidas pola normativa europea, estatal ou autonómica.
- c) A fin de evitar as molestias sobre a biocenose de animais silvestres e especialmente das aves, prohibese no ámbito do ENIL o uso de megafonía ou de calquera artefacto que poida xerar ruidos ou vibracións que poidan molestar á fauna silvestre, especialmente ás aves.
- d) Danar, arrincar, recoller os exemplares de flora representativa dos hábitats de interese comunitario ou dos hábitats característicos das especies protexidas de flora e fauna.
- e) Prohibese introducir ou depositar sementes, plantas, talos, ou outras partes de plantas que poidan actuar como propágulos e propiciar o establecemento de individuos de especies exóticas no humidal. Desta prohibición exceptúanse as especies domésticas tradicionais empregadas para usos agrícolas nas explotacións establecidas na Zona-2 e Zona-3.

- f) Prohíbese introducir ou liberar especies de fauna doméstica ou silvestre, así como crías, larvas ou ovos. Desta prohibición exceptúanse as especies domésticas tradicionais empregadas para usos agrícolas nas explotacións establecidas na Zona-2 e Zona-3.
- g) Transitar ou con animais domésticos ou silvestres mantidos en cativeiro, especialmente cans e gatos, así como permitir que estes exemplares deambulen libremente polo espazo. Desta prohibición exclúense:
  - i) Os cans dos servizos oficiais de vixilancia e socorro que poidan desenvolver a súa actividade no ENIL.
  - ii) Os cans guía empregados por persoas con minusvalías en conformidade coa normativa galega (Lei 10/2003, do 26 de decembro, sobre o acceso á contorna das persoas con discapacidade acompañadas de cans de asistencia).
  - iii) Na Zona-2 e na Zona-3 os animais directamente vinculados coas propiedades privadas e as explotacións agropecuarias existentes que se lles aplicará en todo caso a normativa sectorial vixente.
- h) Considéranse actividades prohibidas a realización de inscricións, sinais, signos, debuxos, adhesivos ou calquera outro elemento artificial en elementos naturais, salvo os necesarios para o desenvolvemento de accións de xestión ou investigación con autorización da Administración xestora, así como en elementos culturais, informativos e interpretativos, de carácter moble ou inmobile, así como a súa destrución, deterioro uso indebido ou manipulación.
- i) Non se permite a gravación nin divulgación de contidos que impliquen calquera tipo de mensaxe contraria aos obxectivos de conservación do ENIL, podéndose limitar pola administración xestora a publicidade sobre a identificación dos escenarios e lugares de rodaxe.

### Artigo 24.- Edificacións e infraestruturas.

#### 1.- Obxectivos.

- a) Establecer un marco de regulación tanto para as actividades construtivas, como para as infraestruturas.

#### 2.- Directrices.

- a) A designación das Brañas de Sada como un Espazo Natural Protexido dentro da categoría de Espazo Natural de Interese Local, obriga a restrinxir a actividade referida á creación, modificación ou ampliación de novas construcións e infraestruturas, ao supor



as mesmas, unha modificación permanente ou temporal do solo, que resulta incompatible coa conservación e mantemento do humidal.

- b) O establecemento de novas construcións e infraestruturas limitase ás regulacións que se establecen no punto 3 deste mesmo artigo.
- c) As infraestruturas e instalacións alleas á xestión do ENIL, existentes en virtude de autorización administrativa, concesión, ocupación ou calquera outro título análogo de dereito, poderán manterse ata a expiración do seu período de vixencia sen cambio de uso. Finalizado este, procederase á revisión das condicións da súa autorización co obxecto de garantir a súa compatibilidade cos obxectivos do ENIL.
- d) No caso concreto das liñas eléctricas existentes no ámbito do ENIL, as Administracións públicas competentes, preferiblemente de común acordo cos titulares, procederán á supresión das mesmas ou no seu caso á execución das obras de soterramento e corrección dos impactos ambientais.
- e) As actuacións de mellora e acondicionamento de infraestruturas e instalacións, tanto públicas como privadas dirixiranse con carácter xeral ao mantemento do uso tradicional da infraestrutura ou instalación ou no seu caso a usos compatibles cos obxectivos do ENIL.
- f) As novas concesións, autorizacións ou licenzas que sexan autorizables deberán ser adaptadas á preservación da paisaxe e da biodiversidade do humidal.
- g) Nas obras autorizables promoverase o uso de materiais biodegradables, renovables e producidos de maneira sostible que non sexan susceptibles de xerar un impacto sobre o humidal e os seus compoñentes. Promoverase igualmente a reutilización e a reciclaxe de materiais e outras medidas apropiadas para minimizar a produción de residuos, así como para tratar de inferir cambios nos hábitos de consumo na sociedade.
- h) As conducións aéreas de enerxía, datos ou auga deberán ser canalizadas e soterradas. O soterramento non poderá afectar á integridade dos hábitats característicos do humidal.
- i) Os materiais empregados deberán axustarse á estética tradicional evitándose o emprego exterior de elementos metálicos que orixinen brillos.

### 3.- Regulación de actividades.

#### 3.1.- Considéranse actividades permitidas.

- a) O mantemento e conservación das infraestruturas e edificacións existentes no momento da declaración do ENIL na Zona-2 e na Zona-3. O uso e as actuacións nas mesmas terán que adaptarse ás determinacións que se fixan no presente Plan.

#### 3.2.- Considéranse actividades suxeitas a autorización.

- a) As actuacións destinadas á eliminación de valados, peches, postes ou outros elementos menores en desuso.
- b) Na Zona-2 e na Zona-3 poderán ser autorizables, acorde coas determinacións do presente Plan e das normas sectoriais de aplicación:
  - i) Os proxectos de recuperación e mantemento do viario xa existente (camiños, vías de servizo, senda para bicicletas), así como a posibilidade de adaptar o mesmo ás necesidades derivadas do uso público no espazo. O firme do viario utilizará materiais naturais, propios da contorna onde se sitúa o humidal. Non se empregarán materiais bituminosos, formigón ou produtos sintéticos.
  - ii) A construción de observatorios e o acceso a pé aos mesmos, en áreas seguras para os visitantes e que non causen unha afección significativa negativa sobre o humidal. Deste xeito prevese a construción de dous observatorios na parcela catastral 15076A02000379 e na 0499116NH6909N.
  - iii) Instalacións destinadas a servir de apoio ás explotacións agropecuarias.
  - iv) A instalación de dispositivos de iluminación nocturna nos espazos abertos por motivos de seguridade, e a condición de que sexa estritamente imprescindible e restrinxirse a súa utilización aos momentos verdadeiramente necesarios, de maneira que se optimice o consumo enerxético e minimícense os impactos sobre a fauna, para o que a luz non será branca. Para minimizar a dispersión lumínica, as luminarias, unha vez instaladas, non emitirán luz por encima do plano horizontal que pasa polo centro da lámpada interna á mesma.
  - v) A saída de auga do humidal cara á ría atópase balizada por dúas áreas que sufriron en distintas fases procesos de recheo e que deben ser obxecto dunha restauración ambiental acorde cos criterios establecidos no presente Plan e buscando a integración entre o propio humidal coa zona urbana adxacente. No caso de que ditas zonas poidan albergar equipamentos ou dotacións para o uso público do humidal estas deberán incluírse nun plan especial de infraestruturas e dotacións que deben ter en consideración os valores e necesidades de conservación do humidal así como a condición así como as derivadas da súa consideración como Área de Risco Potencial Significativo de Inundación costeira.

### 3.3.- Considéranse actividades prohibidas.

- a) O establecemento de novas edificacións, construcións ou infraestruturas na Zona-1. Así como a recuperación ou restauración das que se atopan abandonadas.
- b) O incremento en superficie ou volume das construcións existentes antes da declaración do ENIL na Zona-3.
- c) Prohíbese desenvolver calquera actividade que poida afectar a paisaxe e ao sistema ecolóxico do humidal, como movementos de terra, arrincar ou cortar a vexetación,

instalación de liñas e aparellos (conducións, antenas, carteis, equipos radioeléctricos, etc.), que non formen parte de plans ou proxectos debidamente autorizados.

### Artigo 25.- Viais, vehículos e embarcacións.

#### 1.- Obxectivos.

- a) Harmonizar as necesidades de conservación do humidal e o acceso de persoal, cabalerías, vehículos ou embarcacións no humidal.

#### 2.- Directrices.

- a) As características físicas e biolóxicas do humidal determinan a necesidade de regular a posibilidade de acceso dos visitantes garantindo en todo momento a conservación do espazo e a seguridade dos propios visitantes. Os accesos e itinerarios destinados ao uso público no ENIL defínense da seguinte forma:
  - i) **Viais periféricos:** O viario existente na periferia do espazo de propiedade pública.
  - ii) **Viais de uso restrinxido:** Os camiños, sendas e vías de servizo que dan acceso aos predios existentes na Zona-2 e na Zona-1.
  - iii) **Viais destinados ao uso público.** Os que poidan habilitarse dentro da Zona-3. Inclúese tamén un acceso peonil que partindo do extremo Sur do humidal daba servizo ás antigas Telleiras e aos pozos de escavación contiguos.

As actividades de uso público no interior do humidal limitaranse á Zona-3, empregando as áreas e viais para o uso público. Os viais para o uso público estarán convenientemente indicados, incluíndo neles sinalización ou información relativa ao réxime de uso.

A administración municipal xestora do ENIL poderá regular de forma temporal ou permanente as actividades de uso público nestes viais, prohibíndoo de ser necesario en función das condicións ambientais, nivel de inundación, estado das vías, ou das necesidades de conservación dos compoñentes do humidal. Ditas regulacións estableceranse coa correspondente sinalización ou con paneis informativos.

As visitas vinculadas ao uso público realizaranse a pé, permitíndose, o uso de cadeiras de carriños de bebé, cadeiras de rodas ou doutros aparellos para o desprazamento das persoas con mobilidade reducida, naqueles tramos onde as condicións ambientais e a seguridade así o permitan.

Os viais de uso restrinxido están destinados ao acceso dos propietarios aos seus predios, así como para o acceso en relación co desenvolvemento das distintas actividades, proxectos, obras e traballos, que se indican no presente Plan e que constan das correspondentes autorizacións.

A Administración municipal xestora do ENIL poderá establecer limitacións temporais ou permanentes de acceso a vehículos ou maquinaria polos viais de uso restrinxido en función das necesidades de protección dos diferentes valores do humidal ou por motivos de seguridade das persoas. Cando estas limitacións afecten a terreos de propiedade privada procurarase establecer acordos voluntarios cos propietarios destes.

- b) No uso de vehículos e maquinaria no ENIL terase especial precaución no seu correcto funcionamento e posta a punto, non podendo entrar no espazo maquinaria con fugas de aceite, combustible, refrixerante, líquido hidráulico, líquido de freo, anticongelante, etc.
- c) As áreas configuradas por hábitats naturais (Códigos Nat-2000: 3130, 3260, 3270, 6410, 6430, 91E0\*), que puideran verse afectadas polo uso de vehículos ou maquinaria deberán ser convenientemente recuperadas acorde cos criterios de restauración ecolóxica.

### 3.- Regulación de actividades.

#### 3.1.- Considéranse actividades permitidas.

- a) O acceso dos propietarios aos seus predios rústicos, construcións e instalacións. O acceso con vehículos deberase realizar polo viario xa existente. O uso de vehículos e maquinaria no desenvolvemento das actividades agropecuarias e silvícolas realizarase conforme aos criterios e regulacións marcados no presente Plan e na normativa sectorial.
- b) O tránsito peonil dos visitantes a través dos “viais destinados ao uso público”, cando se realice coas indicacións e sinalización que se estableza no mesmo.
- c) A circulación de vehículos, embarcacións ou cabalerías vinculados cos servizos de vixilancia, emerxencias e xestión do humidal no ámbito do ENIL.

#### 3.2.- Considéranse actividades suxeitas a autorización.

- a) O uso de vehículos, cabalerías, embarcacións, artefactos flotantes ou maquinaria na execución de proxectos ou traballos, así como de labores relacionados con actividades de investigación, vixilancia, documentación e filmación que contén igualmente coa correspondente autorización.

#### 3.3.- Considéranse actividades prohibidas.

- a) A introdución, desprazamento ou uso de vehículos, cabalerías, embarcacións, artefactos flotantes ou maquinaria no ámbito do ENIL contradicindo a normativa establecida neste Plan.

### Artigo 26.- Actividades agropecuarias e forestais.

#### 1.- Obxectivos.

- a) Propiciar unha adecuada xestión e uso dos predios rústicos existentes no Humidal de forma que contribúan a manter a biodiversidade e a súa capacidade de cumprir distintas funcións ecolóxicas e sociais.

#### 2.- Directrices.

- a) Permitirase o mantemento das pequenas explotacións agropecuarias tradicionais que se desenvolvan de forma compatible coa conservación e rexeneración da vexetación, evitando posibles situacións puntuais de sobreexplotación que poidan deteriorar os hábitats naturais e dos hábitats das especies.
- b) Contéplase o pastoreo tradicional extensivo, con razas de gando autóctono e adaptadas ás características do espazo, como unha posible ferramenta na prevención de riscos de incendios.
- c) A xestión dos hábitats forestais de especies autóctonas existentes no espazo deberá realizarse de forma que permita alcanzar a máxima madurez das formacións nativas, á vez que poidan crear biocenoses que respondan a distintos estadios evolutivos, acorde cos criterios fixados para a conservación destes hábitats e do conxunto de hábitats que conforman o humidal.
- d) As superficies ocupadas por formacións forestais alóctonas poderán ser obxecto de axudas para a súa substitución progresiva por formacións forestais nativas propias do humidal.
- e) Garantirase a adecuada conservación dos camiños e vías tradicionais, así como doutros elementos ambientais ou culturalmente valiosos directamente vinculados aos aproveitamentos agropecuarios tradicionais, mediante a adopción das medidas de protección e restauración necesarias compatibles coa conservación dos valores naturais do espazo.
- f) No caso de aparición de pragas ou enfermidades forestais non se realizarán tratamentos que supoñan o uso de insecticidas ou fitocidas que non sexan de aplicación puntual e, no seu caso, utilizaranse produtos incluídos nas listaxes establecidas nos sistemas de xestión forestal sostible de referencia en España e a súa utilización deberá atender tanto ás condicións específicas de uso contidas na súa inscrición no Rexistro Oficial de Produtos e Material Fitosanitario, como ao Real Decreto 1311/2012, do 14 de setembro, polo que se establece o marco de actuación para conseguir un uso sostible dos produtos fitosanitarios. En particular, darase prioridade, na medida en que estean dispoñibles, á utilización de produtos fitosanitarios de baixo risco conforme ao definido no Regulamento

(CE) nº 1107/2009, do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de outubro de 2009 relativo á comercialización de produtos fitosanitarios, e ás medidas de control biolóxico.

### 3.- Regulación de actividades.

#### 3.1.- Considéranse actividades permitidas.

- a) Considérase como un uso permitido o mantemento das explotacións agropecuarias tradicionais existentes no momento da declaración do ENIL que se desenvolven na Zona-2 e Zona-3. As actividades nestas explotacións deberán axustarse aos criterios de sustentabilidade ambiental e levar a cabo en conformidade coa normativa sectorial de aplicación.
- b) Na Zona-2 e Zona-3 a recollida de leñas mortas de ramas ou copas de árbores apeadas e/ou derrubados, así como de cogomelos por parte dos propietarios dos predios.

#### 3.2.- Considéranse actividades suxeitas a autorización.

- a) Na zona-1 a recollida de leñas mortas en cantidades discretas de ramas ou copas de árbores apeadas e/ou derrubados, así como de cogomelos, cando se realicen por parte dos propietarios dos predios, a condición de que non conleven unha afección significativa sobre os hábitats característicos do humidal.
- b) A substitución das formacións arborizadas alóctonas por novas repoboacións con especies autóctonas características do humidal. Poderanse tamén levar a cabo plantacións forestais no ámbito de actuacións de restauración ecolóxica sobre sistemas forestais afectados por catástrofes naturais, incendios, pragas ou outras causas. As novas plantacións realizaranse con especies autóctonas características do humidal e deberán evitar a introdución de material xenético que poida supoñer un risco para os valores do ENIL. Nas accións de plantación evitarase alterar ou modificar significativamente o terreo.

#### 3.3.- Considéranse actividades prohibidas.

- a) A Zona-1 está constituída de forma maioritariamente por medios lacunares, cursos fluviais e fitocenosis característicos do humidal (bosques aluviais, tifais, espadanaís, xunqueiras, etc). Nesta zona non se permiten os aproveitamentos que poidan afectar de forma significativa á distribución, composición, estrutura e funcionamento ecolóxico dos hábitats característicos do humidal (Códigos Nat-2000: 3130, 3260, 3270, 6410, 6430, 6510, 91E0\*) ou das especies protexidas presentes no mesmo.
- b) A retirada de madeira, xa sexa mecánica ou por tracción animal, cando se realice ao longo dos leitos fluviais ou dos leitos das lagoas. O cruzamento de ríos e arrosios será minimizado realizándose no seu caso por vaos ou mediante a instalación de infraestruturas temporais.

### Artigo 27.- *Uso público.*

#### 1.- Obxectivos.

- a) A xestión do uso público e social no ENIL das Brañas de Sada fundamentarase en criterios de calidade, evitando a masificación, favorecendo a accesibilidade universal e a seguridade, desenvolvéndose, en todo caso, de forma compatible coa conservación dos seus valores naturais e culturais, que terán carácter preferente e determinarán a intensidade deste uso. Terá como obxectivos prioritarios a divulgación e o estímulo de actitudes positivas de cara á conservación dos valores naturais e culturais, a través da educación ambiental, a interpretación do patrimonio, a información e o turismo sostible vinculado aos servizos de uso público.

#### 2.- Directrices.

- a) O desenvolvemento das actividades de uso público (recreativas, formativas, educativas ou culturais) exercidas ben de forma individual ou en grupos deberase a adecuar en todo momento ás directrices e normas contempladas no presente Plan.
- b) Nos espazos de uso público, a persoa (ou no seu caso o seu titor legal ou responsable autorizado) é o primeiro responsable da súa seguridade. Con todo, a Administración xestora do ENIL procurará a seguridade das persoas visitantes a base de fomentar unha conciencia pública dos riscos máis comúns asociados á visita do humidal.
- c) Os viais que poidan ser utilizados polo uso público, de forma temporal ou permanente, serán convenientemente sinalizados, mantidos, publicitados e promocionados pola Administración xestora do ENIL.
- d) O organismo municipal competente na xestión do ENIL poderá regular as visitas individuais ou en grupos para que se desenvolvan de maneira que a intensidade, áreas e períodos de presenza de visitantes non alteren o estado de conservación dos hábitats naturais e das áreas prioritarias das especies de interese para a conservación
- e) As actividades educativas que se propoñan dentro dun programa de visitas tutorizadas por guías ou educadores terán prioridade fronte a aquelas que teñan un obxectivo meramente recreativo.
- f) Nas visitas en grupo, e especialmente as que poidan ser autorizadas na Zona-1 será necesario contar cun guía habilitado oficialmente para algunha das figuras de áreas naturais protexidas, ou ben por un guía turístico habilitado pola Xunta de Galicia. Nas actividades de carácter educativo, formativo ou divulgativo, poderán ademais actuar como guías os docentes ou naturalistas responsables da mesma.

- g) Os programas de sensibilización, educación e interpretación ambiental deberán ser procesos continuos e participativos, dirixidos aos principais actores da contorna e visitantes, tratando de difundir e divulgar os valores educativos do patrimonio etnobiolóxico, cultural, arqueolóxico e paleontolóxico do humidal, favorecendo o enriquecemento cultural da sociedade no seu conxunto, Á vez que se buscará a implicación activa na procura de solucións aos problemas e retos do ENIL.
- h) O deseño de programas buscará o fomento de actitudes e comportamentos respectuosos coa conservación do patrimonio do ENIL, e que poidan ser extrapoladas a outros contextos e circunstancias máis cotiáns para a persoa visitante.
- i) Procurarase a coordinación entre as institucións educativas e ambientais, especialmente cos centros educativos do municipio, así como co CEIDA, as universidades galegas e as entidades ambientalistas e de promoción de actividades de lecer.
- j) As actividades de sensibilización, educación e interpretación ambiental contemplarán tanto os valores naturais, como os valores históricos, culturais, socioeconómicos e os criterios de xestión do ENIL.
- k) Considéranse prioritarias as accións de sensibilización, educación e interpretación ambiental específicas para a poboación local.
- l) O visitante ao ENIL debe facerse responsable dos residuos xerados durante a visita, que deberán trasladarse preferentemente ao lugar de procedencia e, en caso de non ser posible, depositaranse nos lugares habilitados para o efecto fóra do ámbito do ENIL.

### 3.- Regulación de actividades.

#### 3.1.- Considéranse actividades permitidas.

- a) O sendeirismo, é dicir a actividade recreativa ou deportiva realizada a pé, de forma individual ou en pequenos grupos (menos de 20 persoas), sen equipos ou técnicas especiais, ou con medios auxiliares adaptados para persoas con mobilidade reducida. O desenvolvemento desta actividade realizarase a través dos carreiros e camiños sinalizados para ese efecto que discorren pola periferia do ENIL e penetran en determinadas áreas da Zona-2 e Zona-3.
- b) A visita de pequenos grupos ao humidal (menos de 20 persoas), acompañados ben dun guía habilitado en espazos naturais, ou ben dun guía turístico igualmente habilitado ou ben dun docente, ou un naturalista, cando a visita se realice a través das sendas e camiños que discorren pola periferia do ENIL e penetren en determinadas áreas da Zona-3.
- c) A observación, fotografía e/ou filmación amateur tanto de paisaxes e de hábitats, como dos distintos compoñentes do espazo realizada desde os viais e áreas habilitadas para o uso público.



### 3.2.- Considéranse actividades suxeitas a autorización.

- a) Será autorizable na Zona-3 a celebración dos eventos de carácter ambiental (celebración do día dos Humidais, da Reserva da Biosfera, do día do medio ambiente, etc.), así como de eventos de carácter cultural e tradicional, a condición de que non supoñan afeccións desfavorables significativas para os valores naturais do ENIL e se realicen en conformidade co resto das disposicións contempladas no Plan.
- b) A visita de pequenos grupos (menos de 10 persoas) á Zona-1 do humidal, acompañados en todo momento guía habilitado oficialmente en espazos naturais, ou ben dun guía turístico igualmente habilitado ou ben no caso das actividades de carácter educativo, formativo ou divulgativo, poderán ademais actuar como guías os docentes ou naturalistas responsables da mesma. A visita discorrerá acorde co itinerario marcado na autorización, establecéndose as medidas preventivas necesarias para evitar calquera tipo de afección significativa sobre o humidal e os seus compoñentes.
- c) As actividades de observación, fotografía e filmación de fauna con carácter amateur que necesiten a instalación de observatorios portátiles, refuxios, parapetos ou outros elementos de camuflaxe, que en ningún caso poderán permanecer instalados durante un período superior a 24 horas. Estes realizaranse con materiais e cores que non supoñan un impacto na paisaxe, estando prohibida a utilización de elementos naturais de camuflaxe (ramas, musgos, etc).

### 3.3.- Actividades prohibidas.

- a) O incumprimento das medidas reguladoras contempladas no presente Plan para as actividades de uso público, así como as que poidan establecer no propio espazo a través da sinais ou carteis.
- b) O tránsito con cabalerías ou vehículos non autorizados.
- c) O uso de embarcacións ou artefactos flotantes.
- d) O abandono ou depósito de residuos (envases, plásticos, papeis, etc) no ENIL.
- e) A fotografía ou filmación na contorna de lugares de cría de especies ameazadas durante os períodos críticos de reprodución e cría, así como o uso de elementos atraentes.

### Artigo 28.- *Actividades científicas e de vixilancia.*

#### 1.- Obxectivos.

- a) Establecer o marco e a regulación das actividades de investigación, recolección de mostras e de espécimes, así como da obtención de datos que se poidan realizar no ENIL por entidades científicas ou persoas alleas á entidade xestora do mesmo.

### 2.- Directrices.

- a) O concello de Sada fomentará e colaborará con outros organismos e entidades, na investigación e vixilancia da biodiversidade, a xeodiversidade e dos compoñentes do Patrimonio Natural no ámbito do humidal, con especial atención a aquelas actividades que sexan de directa aplicación na xestión, conservación e restauración ecolóxica do mesmo.
- b) O concello de Sada fomentará e colaborará con outros organismos e entidades, na preservación do patrimonio etnobiolóxico, cultural, arqueolóxico e paleontolóxico, promovendo o seu estudo, recuperación e emprego dos coñecementos tradicionais que sexan relevantes para a conservación e o uso sostible de humidal, prestando especial atención aos coñecementos etnobiolóxicos.
- c) A actividade de investigación deberá estar avalada por unha institución científica ou académica solvente, ou que o responsable acredite unha traxectoria investigadora de recoñecido prestixio.
- d) A información xerada polos proxectos de investigación externos poderá ser divulgada pola Administración xestora coa autorización da entidade investigadora. Así mesmo, a Administración xestora poderá establecer criterios para garantir a confidencialidade sobre información sensible de valores protexidos ou aquela que poida comprometer a xestión do espazo.
- e) As persoas ou entidades investigadoras deberán remitir á entidade xestora deste espazo unha copia das publicacións derivadas, en todo ou en parte, da investigación realizada.
- f) Tódolos traballos científicos ou de investigación a realizar no ámbito do ENIL utilizarán as técnicas e métodos menos impactantes posibles para o medio natural.
- g) Limitarase a recolección de espécimes e mostras biolóxicas ou de rocas, minerais e fósiles aos casos estritamente necesarios e estableceranse as condicións de captura ou recollida nas que se indiquen as cantidades, lugares, épocas e modo de realizalas. Ditas actividades de recolección deberán contar da autorización pertinente outorgada polo organismo autonómico competente en Patrimonio Natural, así como doutros organismos que puidesen ser competentes.
- h) As investigacións serán efectuadas por persoal cualificado tras a avaliación dunha proposta técnica que conterá a información necesaria para avaliar a incidencia da actividade sobre o medio ambiente (paisaxe, medios ecolóxicos, hábitats protexidos, especies de interese para a conservación).

- i) A solicitude de autorización deberá especificar os obxectivos, a metodoloxía e plan de traballo, o número e tipo de mostras ou datos, a composición e experiencia do equipo de traballo, así como os lugares onde se realizará.
- j) Nas solicitudes para desenvolver actividades de investigación establecerase o lugar e condicións do depósito dos materiais colleitados (museos, herbarios, etc.), que poidan ser susceptibles de formar parte de coleccións científicas, de modo que se garanta o acceso aos mesmos doutros investigadores.
- k) As solicitudes de actividades de investigación na Zona-1 de colleitar o material biolóxico ou xeolóxico faranse de acordo con metodoloxías e protocolos científicos, que minimicen calquera tipo de impacto sobre o medio natural.
- l) Para a realización de actividades científicas ou de investigación, o organismo municipal competente na xestión do ENIL poderá outorgar autorizacións especiais para o transporte de material e persoas polas vías de tránsito restrinxido.
- m) As actividades de investigación ou monitoraxe non poderán deixar pegadas permanentes no ENIL que vaian en detrimento de os valores naturais e culturais do ENIL. O responsable das actividades de investigacións realizadas no ENIL deberá proceder aos traballos necesarios para a restauración das condicións naturais que houbera con anterioridade.

### 3.- Regulación de actividades.

#### 3.1.- Considéranse actividades suxeitas a autorización.

Os proxectos de investigación, a recolección de mostras e a obtención de datos promovidos por persoas ou entidades alleas ao ENIL requiren polo menos autorización da Administración municipal xestora do mesmo, de acordo cos seguintes requisitos:

- a) A solicitude de autorización deberá especificar os obxectivos, a metodoloxía e plan de traballo, o número e tipo de mostras ou datos, a composición e experiencia do equipo de traballo.
- b) As actividades de investigación que se realicen sobre os hábitats característicos do humidal ou sobre núcleos de poboación de especies protexidas pola normativa europea, estatal ou autonómica, ou dos seus hábitats, asegurárase que estas non sexan susceptibles de xerar unha afección significativa sobre o seu estado de conservación.
- c) As actividades de investigación ou monitoraxe sobre especies de flora e fauna estritamente protexidas ou reguladas pola normativa europea (Directiva Hábitat, Directiva Aves), nacional (Lei 42/2007, do 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade e Real Decreto 139/2011, do 4 de febreiro, para o desenvolvemento da Listaxe de Especies Silvestres en Réxime de Protección Especial e do Catálogo Español de Especies Ameazadas) ou autonómica (Lei 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia e Decreto 88/2007 88/2007, do 19 de abril, polo

que se regula o Catálogo galego de especies ameazadas.), deberán ser previamente autorizadas polo organismo autónomo competente en Patrimonio Natural.

### 3.2.- Considéranse actividades prohibidas.

- a) Considéranse prohibidas aquelas actividades de investigación que poidan ser susceptibles de provocar a destrución ou alteración de compoñentes da biodiversidade, da xeodiversidade ou do Patrimonio Natural.
- b) No desenvolvemento das actividades de investigación está expresamente prohibida a introdución de especies ou subespecies, así como xenotipos diferentes aos existentes no humidal.

## CAPÍTULO V Liñas de actuación

### Artigo 29. *Liñas de actuación no ENIL.*

O concello de Sada levará a cabo as seguintes medidas de xestión, acorde coas disponibilidades orzamentarias, buscando para iso a colaboración da Reserva de Biosfera de Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo, así como os centros de investigación, universidades, asociacións ambientais e outras entidades implicadas na conservación da biodiversidade e o medio ambiente, para desenvolver distintas actuacións que se estruturan nas seguintes liñas.

42

#### Liña 1.- Mellora do coñecemento sobre o humidal.

Nesta liña reúnen as medidas de xestión destinadas a mellorar o coñecemento sobre a biodiversidade, así como sobre os compoñentes do Patrimonio Natural e Cultural do Humidal. Dentro da mesma considéranse como actuacións prioritarias as seguintes:

- a) Mellorar o coñecemento dos ecosistemas, os hábitats, a xea, a flora e a fauna do humidal de As Brañas, así como obter datos que permitan avaliar o seu estado de conservación e a súa evolución.
- b) Accións que contribúan a recuperar a memoria histórica sobre as Brañas, os distintos aproveitamentos e actividades que nela realizáronse ao longo dos últimos séculos.
- c) Accións que contribúan a avaliar os servizos ecosistémicos que o humidal prestou á sociedade, así como os servizos actuais e os que previsiblemente seguir prestando ás xeracións futuras.

#### Liña 2.- Seguimento dos compoñentes do Patrimonio Natural e da Biodiversidade.

- a) Establecer unha mínima rede de rexistros en continuo de parámetros físico-químicos e ambientais en relación cos principais tipos de hábitats de interese comunitario.
- b) Analizar a través de ortoimaxes de alta resolución os cambios na cuberta vexetal que permitan avaliar a dinámica temporal dos principais de tipos de hábitats.
- c) Identificar e rexistrar as especies características dos principais tipos de hábitats de interese comunitario existentes no humidal (Código Nat-2000: 3130, 3260, 3270, 6410, 6430, 6510, 91E0+).
- d) Identificar e rexistrar as especies que posúen un status legal de protección derivados da normativa europea, nacional e galega.
- e) Identificar e valorar as especies exóticas presentes no humidal e a súa capacidade invasora, tendo en conta de forma prioritaria aqueles taxóns que figuran no Catálogo español de especies exóticas invasoras, así como nas publicacións científicas especializadas.
- f) Valorar o estado ecolóxico das masas de auga (lagoas, arrosos, canles) e o estado de conservación dos hábitats asociadas a estas.

### **Liña 3.- Restauración ecolóxica e control periódico do biotopo.**

- a) Recuperación de áreas degradadas.
- b) Podas e control puntual da vexetación.
- c) Eliminación e control de especies exóticas.
- d) Mantemento de áreas destinadas ao uso público.

43

### **Liña 4.- Dotación de equipamentos e infraestruturas vinculadas co uso público.**

- a) Adecuación de viais para o uso público.
- b) Construción de dous observatorios de aves e adecuación de acceso en Zona-3.
- c) Sinalización e paneis informativos.
- d) Bolardos de madeira ou outros medios similares para o control de viais.
- e) Adecuación e mantemento das instalacións e infraestruturas vinculadas ao uso público.

### **Liña 5. Actuacións de difusión, formación e educación ambiental.**

- a) Integración da información ambiental do ENIL na páxina web do concello e nas principais redes sociais.

- b) Organización ou participación na organización de cursos, seminarios e xornadas centrados nos obxectivos de conservación do ENIL, así como a participación en redes temáticas de áreas protexidas.
- c) Organización ou participación doutras actividades de educación, formación e concienciación do medio ambiente.
- d) Elaboración, edición e distribución de material de difusión e divulgación.
- e) Formación específica para técnicos e guías.

## CAPÍTULO VI

### Plan económico e previsións orzamentarias

#### Artigo 30.- *Orzamento.*

1.- Para asegurar que se cumpran eficazmente os fins perseguidos coa declaración do ENIL o Concello de Sada comprometeuse formalmente, no acordo adoptado polo Pleno de 29/10/2015, a poñer en práctica as medidas necesarias para asegurar a conservación dos valores naturais que motivaron a declaración.

2.- O Concello de Sada consignará anualmente e con cargo aos orzamentos municipais as cantidades necesarias para alcanzar os fins da declaración do ENIL e desenvolver as medidas de conservación previstas no plan. En particular, estableceranse partidas destinadas a realizar as actuacións previstas no plan de conservación e definidas capítulo VI (Liñas de actuación).

En canto á Liña 4, no orzamento distínguense as actuacións periódicas e aquelas que se corresponden coa dotación ou adecuación do instalacións e infraestrutura cuxa execución estaría vinculada coa obtención de axudas ou proxectos concretos.

3.- Ademais dos fondos propios utilizados polo concello de Sada para o mantemento do ENIL poderanse incorporar a estes fins os orzamentos procedentes de axudas, subvencións, proxectos ou programas financiados por outras entidades públicas ou privadas.

4.- Na táboa adxunta inclúese a previsión das achegas orzamentarias en relación coas distintas liñas de actuación previstas no Plan.

Previsión orzamentaria:

Liña	Descrición	Anos						Total
		1	2	3	4	5	6	
1	Mellora do coñecemento	4.000	4.000	4.000	4.000	4.000	4.000	24.000
2	Seguimento do humidal	3.000	3.000	3.000	3.000	3.000	3.000	18.000
3	Restauración ecolóxica	5.000	5.000	5.000	5.000	5.000	5.000	30.000
4	Equipamentos/Infraestruturas							
	Actuacións periódicas	7.000	7.000	7.000	7.000	7.000	7.000	42.000
	Observatorio e acceso	2.000	2.000	0	0	2.000	2.000	8.000
	Viais	2.000	2.000	0	0	2.000	2.000	8.000
5	Actuacións de difusión	6.000	6.000	6.000	6.000	6.000	6.000	36.000
	Total	29.000	29.000	25.000	25.000	29.000	29.000	166.000

## CAPÍTULO VII Vixencia e revisión

45

### Artigo 31.- Vixencia.


As determinacións deste plan de conservación entrarán en vigor o día seguinte da súa publicación no Diario Oficial de Galicia e continuarán en vigor ata que se revise o plan polo cambio significativo e suficiente das circunstancias ou criterios que determinaron a súa aprobación. En calquera caso, a falta de modificacións excepcionais, o plan deberá revisarse pasados seis anos.

### Artigo 32.- Modificación de límites e cambio de categoría.


A modificación de límites, cambio de categoría e no seu caso a descualificación do espazo natural protexido está suxeita ás determinacións fixadas na normativa estatal (Lei 42/2007, do 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade. Real Decreto Lexislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Chan e Rehabilitación Urbana) e autonómica (Lei 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia).

### ANEXO I

Mapa.- 1. Ámbito territorial de aplicación do Plan de conservación e zonificación do ENIL Brañas de Sada




Mapa.- 2. Risco Potencial Significativo de Inundación costeira no ENIL Brañas de Sada





Mapa.- 3. Infraestruturas de uso público dentro do ENIL Brañas de Sada



Mapa.- 4. Zonificación do Plan de recuperación da subespecie lusitánica da escribenta das canaveiras (DECRETO 75/2013).

